




BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT



**ALÉN DO**  
**MURO DO SONHO**  
**E OUTROS CONTOS MACABROS**



BIBLIOTECA HP. LOVECRAFT



**ALÉN DO**  
**MURO DO SONHO**  
**E OUTROS CONTOS MACABROS**

# Alén do muro do soño e outros contos macabros

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,  
recomendamos o [Pocketbook reader](#).

## UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

*Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.*

*Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.*

*Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.*

*Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas*

*útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.*

*O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.*

*Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.*

*Galiza, outono de 2020.*



## INTRODUCCIÓN

Este décimo volume da nosa biblioteca lovecraftiana ben podería titularse *H.P. Lovecraft, os comezos: 1917-1920*. Estamos, xa que logo, ante os primeiros relatos do autor —aquí exclúense os textos inéditos de adolescencia—, nun momento en que a súa obra se acha moi influída por outros, mais no que xa se albisca ás claras cal ha ser o camiño literario do Solitario de Providence.

Hai que aclarar que varios dos relatos deste período xa foron aparecendo en anteriores volumes da nosa biblioteca, polo que non se repiten neste libro. Concretamente trátase dos contos *Polaris* (1918), *The White Ship* (1919), *The Cats of Ulthar* (1920) e *Celephaïs* (1920), publicados no volume VII (*Contos do ciclo do soño*), e do relato *The Doom that Came to Sarnath* (1919), publicado no volume I (*A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*).

Xa noutro limiar se comentou que a división clásica que fixo a crítica da obra de Lovecraft en tres períodos —Contos Macabros, Ciclo do Soño e ciclo de Cthulhu— é bastante cuestionábel. E ben, este libro é unha boa mostra diso. Estamos perante unha serie de relatos escritos entre 1917 e 1920, mais os arriba mencionados que se incluíron noutros volumes pertencen, segundo a meirande parte dos entendidos, a ese Ciclo do Soño, a segunda etapa. Daquela, como mínimo, debemos concordar en que non existe unha xustaposición entre o período 1 —Contos Macabros— e o período 2 —Ciclo do Soño—, senón que, en todo caso, son dúas temáticas que se alternan nos primeiros anos de produción literaria profesional do autor.

Así mesmo, o cualificativo de «macabros» non lle acae demasiado ben tampouco a estas obras de xuventude. Abofé que o macabro é un tema recorrente, con expoñentes como *The Tomb*, a primeira peza desta escolma, ou *The Statement of Randolph Carter*. Porén os grandes temas de Lovecraft como a talasofobia, as divindades de alén das estrelas ou os segredos que xacen baixo a terra, son unha constante moito máis forte que ese aquel macabro que determinados críticos quixeron asignar a esta primeira etapa de Lovecraft.

Quizais o que acontece é que este autor novo que, como poderedes observar nas referencias de publicación de cada relato, nesta altura aínda publicaba en revistas de afeccionados, acusaba moito máis a influencia dos seus grandes referentes literarios do que o fixo na súa etapa de escritor consagrado. Aquí e acolá podemos ollar proxectadas sobre estas páxinas xuvenís as sombras alongadas de Poe, de Machen ou de Dunsany, mais sempre mesturadas con certas obsesións particulares que, pasado o tempo, cristalizaron no que se viñeron chamar «os mitos de Cthulhu», mais que non foron unha invención de madurez senón máis ben unha constante ao longo dos máis de vinte anos de produción literaria do solitario de Providence.

Achámonos quizais ante un dos libros máis interesantes desta biblioteca, un libro que, malia conter as obras máis temperás do autor, non tería sentido como primeira entrega, senón que neste xa décimo volume, logo de explorarmos as distintas ramificacións dos grandes mitos e do Ciclo do Soño, gaña en relevancia e significados. Aquí están os alicerces, que se comunican coa obra madura de Lovecraft dun xeito recíproco. Por unha banda, este libro permítenos comprender moitas cuestións dos grandes mitos. Pola outra, as grandes obras axúdannos a valorizar, albiscar e descubrir nesta escolma os grandes temas da obra do

Solitario de Providence, os grandes medos, as grandes fobias, en  
resumo, quen era H.P. Lovecraft.

Tomás González Ahola



## A TUMBA

---

[*The Tomb* escribiuse en xuño de 1917 e publicouse no número de marzo de 1922 da revista *The Vagrant*.]

---

*Sedibus ut saltem placidis in morte quiescam.*

— VIRXILIO

**E**n canto ás circunstancias que me levaron a me recluír neste refuxio para dementes, son consciente de que a miña situación actual creará serias dúbidas sobre a autenticidade da miña historia. É un feito indubidábel que a meirande parte da humanidade ten unha amplitude de miras demasiado estreita para valorar con paciencia e intelixencia aqueles fenómenos illados que só uns poucos psiquicamente sensíbeis por natureza poden ver e sentir e que xacen alén da experiencia mundana. As persoas de maior intelixencia son sabedoras de que non existe unha diferenza nítida entre o real e o irreal, que todo ten o aspecto que ten só por virtude duns delicados medios físicos e mentais a través dos que tomamos consciencia da realidade. Porén, o materialismo prosaico da maioría sanciona como loucura os

alustros de visión transcendental que atravesan o veo habitual do empirismo obvio.

Chámome Jervas Dudley e desde a miña máis tenra infancia fun un soñador e un visionario. Máis rico do necesario para levar unha vida normal e incapaz polo meu temperamento de seguir estudos regrados e normas sociais, vivín sempre en reinos afastados, fóra do mundo visíbel. Pasei a xuventude e mais a adolescencia mergullado en libros vetustos e ben pouco coñecidos, vagando tamén polos prados e bosques da comarca próxima ao berce dos meus devanceiros. Non creo que o que lin naqueles libros nin o que vin naqueles prados e bosques fose exactamente o mesmo que o resto de cativos leu e viu alí, mais sobre ese tema non debo dicir moito, xa que se falase sen cancelas podería dar azos a esas crueis calumnias sobre o meu intelecto, que ás veces alcanzo a ouvir entre os murmurios silandeiros dos que me rodean. Non preciso analizar as causas para relacionar unhas cousas coas outras.

Xa dixen que vivín lonxe do mundo visíbel, mais non dixen que vivise só. Ningunha criatura humana podería facelo xa que, ao faltar a compañía dos vivos, inevitabelmente se acaba caendo na compañía de criaturas que non están vivas, ou que deixaron de o estar. Preto da miña morada esténdese unha particular valgada arborada, en cuxas profundidades sombrizas pasaba a meirande parte do meu tempo a ler, a pensar e a soñar. Polas súas abas cubertas de carriza ficaron os primeiros pasos da miña infancia, e entre os seus carballos de troncos grotescos tecéronse as primeiras fantasías da miña adolescencia. Cheguei a coñecer ben as dríades protectoras desas árbores, e moi a miúdo ollei os seus bailes salvaxes baixo os raios rebuldeiros da lúa mingunte, mais non debo falar destas cuestións. Só falarei da tumba solitaria que xace no máis escuro da espesura dunha das abas, a tumba abandonada dos

Hyde, unha antiga e augusta familia cuxo derradeiro descendente directo fora soterrado alí para o seu negro repouso moitas décadas antes do meu nacemento.

A cripta á que me refiro é de granito, moi antiga, erosionada e luxada polas néboas e a humidade dunha xeración tras outra. Escavada na aba, a estrutura só se ve desde a entrada. A porta, unha laxa de pedra imponente e infranqueábel, colga aínda duns gonzos enferruxados e está asegurada, malia que entreaberta dun xeito sinistro, cun pesado cadeado de ferro, á grotesca moda de hai medio século. A vivenda das xentes que xacen nas urnas da cripta coroaba antano a cuíña en que se acha a tumba, mais hai moito que se esborrallou vítima das chamas que se estenderon logo do terríbel impacto dun lóstrego. Da treboada nocturna que destruíu aquela lúgubre mansión, os habitantes da rexión ás veces falan polo baixo, nerviosos, e mencionan a «ira divina», polo que, co paso do tempo, a forte fascinación que sempre sentín polo sepulcro soterrado na fraga foi aumentando. Só unha persoa morrera no incendio. No tempo en que o último dos Hyde foi soterrado neste lugar de sombra e quietude, a triste urna que contiña a súa borralla xa viñera dunha terra distante, á que a familia marchara logo do incendio da súa mansión. Non queda ninguén que deixe flores ante o portal de granito, e só poucos teñen a valentía de se achegar ás sombras que semellan estenderse dun xeito estraño arredor das pedras castigadas pola auga.

Nunca hei esquecer a tarde en que pola vez primeira batín coa agochada casa dos mortos. Era xa ben entrado o verán, cando a alquimia da natureza transforma a paisaxe do bosque nunha masa case homoxénea de cor verde, cando os sentidos fican case completamente alagados polo aroma húmido da herba e polos recendos sutís e indefiníbeis do chan e a vexetación. Nun contexto como ese, a mente

perde a perspectiva, o tempo e mais o espazo tórnanse triviais e irreais e os ecos dun pasado prehistórico e esquecido baten insistentemente contra a consciencia totalmente fascinada. Eu pasara todo o día vagando polas fragas místicas daquela valgada, pensando en cuestións que non preciso explicar e conversando con cousas que non preciso mencionar. Aos meus dez anos xa vira e ouvira marabillas descoñecidas para a gran masa e en certos aspectos era un rapaz estrañamente maduro. Cando tentaba avanzar entre dúas silveiras enormes, batín de súpeto coa entrada daquela cripta. Daquela non tiña nin idea do que acababa de descubrir. Os escuros bloques de granito, a porta estrañamente entreaberta e os baixorrelevos funerarios sobre o arco espertaron en min pensamentos dun cariz lúgubre e terríbel. Coñecía e tamén imaxinara moito sobre sepulcros e tumbas, mais, debido ás miñas peculiares inclinacións, sempre me mantivera lonxe do contacto directo con camposantos e cemiterios. A estraña casa de pedra na aba arborada era para min só unha fonte de interese e especulacións, e o seu interior frío e húmido, que en van esculcara a través dunha tentadora fenda, non contiña para min nin a mínima alusión á morte ou á podremia. Mais nese intre de curiosidade naceu no meu interior ese desexo louco e irracional que me levou a esta reclusión infernal en que vivo. Encirrado por unha voz que debía de provir do aborrecíbel corazón da fraga, decidín penetrar naquela tebra que me atraía, desafiando mesmo as poderosas cadeas que me cortaban o paso. Coa luz lánguida do día, fixen por abanear aquela barreira enferruxada dun lado ao outro, coa idea de alargar a apertura da porta de pedra, e tentei introducir o meu corpo miúdo a través daquel estreito espazo, mais non o conseguín de ningún xeito. O que nun comezo foi curiosidade tornouse logo en desesperación e, cando volvín á casa no crecente lusquefusque, preguei

ás cen divindades da fraga que «a calquera prezo» me deixasen forzar a entrada a aquelas negras e arrepiantes profundidades que semellaban chamar por min. O médico da barba gris aceirada que vén a diario ao meu cuarto díxolle unha vez a unha das miñas visitas que aquela decisión marcou o comezo dunha lamentábel monomanía; mais hei deixar que os meus lectores xulguen ao final, unha vez coñezan todo o acontecido.

Os meses que seguiron á miña descuberta dediqueinos a intentos inútiles de forzar o complexo cadeado da cripta entreaberta e a realizar pescudas ben discretas sobre a natureza e a historia do monumento. Cos ouvidos ben receptivos dun rapaz, aprendín moito, mais o segredismo co que levei o asunto axudoume a non lle contar a ninguén cal era o motivo da miña pescuda. Quizais deba mencionar que non me sorprendeu nin me aterrorizou en absoluto coñecer a natureza da cripta. As miñas ideas particulares arredor da vida e a morte fixéranme crear unha estraña asociación entre a fría arxila e os corpos vivos, e sentía dalgún xeito que aquela sinistra gran familia da mansión incendiada tiña algo que ver co espazo pétreo que pretendía explorar. Relatos contados entre murmurios sobre ritos estraños e celebracións impías de tempos pasados no antigo lugar leváronme a que aumentase enormemente o meu interese na tumba, ante cuxa porta podía ficar sentado durante horas cada día. Unha vez guindei unha candeia acesa pola abertura, mais non fun quen de ver nada agás unha imaxe fuxidía duns chanzos de pedra húmidos que levaban abaixo. O cheiro do lugar repeliame e enmeigábame a un tempo. Sentía como se o coñecese de algo, nun pasado remoto alén da memoria, alén mesmo de que eu posuíse este corpo.

Un ano despois da descuberta da tumba, cheguei por casualidade a un exemplar acarunchado dunha tradución das *Vidas* de Plutarco, que estaba gardado no rocho ateigado de libros da miña casa. Cando lin a vida de Teseo fiquei moi impresionado pola pasaxe en que falaba da gran rocha baixo a que o heroe-neno había atopar os sinais do seu destino cando fose maior dabondo como para levantar o seu enorme peso. Esta lenda fixo que o meu desexo de entrar na cripta se desinchase un pouco, xa que me fixo sentir que o tempo aínda non era chegado. Máis adiante, díxenme a min mesmo, había medrar até acadar forza e enxeño abondos que me permitisen abrir con facilidade aquela porta tan rexamente fechada, mais até ese momento faría mellor en me adaptar ao que a forza do Fado me arrastraba.

En consecuencia, as miñas visitas ao malsán portal fixéronse menos frecuentes e comecei a dedicar a meirande parte do meu tempo a outras procuras igualmente estrañas. Ás veces erguíame de noite en completo silencio e saía ás agachadas para vagar por aqueles camposantos e lugares de enterramento dos que os meus pais sempre me mantiveran afastado. Non hei dicir o que facía alí, pois non estou seguro da realidade de certos acontecementos, mais o que si sei é que, no día que seguía a calquera daqueles paseos nocturnos, a miúdo me abraiaba polo súbito coñecemento que adquiría de cuestións case esquecidas durante xeracións. Foi logo dunha desas noites cando a comunidade ficou atónita ante a estraña afirmación que fixen sobre o enterramento do rico e afamado terratenente Brewster, unha celebridade local sepulta en 1711 e cuxa lápida, cunha caveira e dous ósos cruzados, estaba a se converter en po aos poucos. Nunha arroutada de imaxinación infantil, xurei que non só o enterrador Goodman Simpson roubara os zapatos con fibela de prata, as medias de seda e os calzóns de satén do defunto antes do

funeral, senón que o propio terratenente, que aínda non estaba morto, dera dúas voltas no cadaleito cuberto de terra o día en que o sepultaran.

Mais a idea de entrar na tumba nunca abandonou os meus pensamentos, estimulada agora polo inesperado descubrimento xenealóxico de que os meus devanceiros por parte de nai tiñan certo parentesco coa supostamente extinta familia dos Hyde. Sendo o derradeiro da liña paterna, tamén era o último desta antiga e misteriosa liñaxe. Comecei a sentir que a tumba era «miña», e a ansiar con forza que chegase o tempo en que puidese cruzar aquel limiar de pedra e baixar por aqueles lamacentos chanzos cara á escuridade. Daquela desenvolvín o hábito de «escoitar» con moita atención acaroado ao portal entreaberto, costume para o que escollía especialmente as horas de quietude da media noite, nas que realizaba tan estraña vixilia. Por aquel tempo xa medrara e conseguira crear un pequeno clareiro na espesura ante a fachada cuberta de carriza da aba do outeiro, polo que a vexetación que rodeaba o lugar podía medrar arredor e cubrir o espazo, como se fosen as paredes e o teito dun emparrado bravo. Este emparrado era o meu templo, a porta fechada do meu santuario, onde podía estarricarme no chan cuberto de brión para pensar cousas estrañas e soñar soños igualmente estraños.

A noite en que tiven a primeira revelación foi unha de moita calor. Debín de ficar durmido pola fatiga, xa que notei perfectamente como acordaba con aquelas «voces». Non sei se falar daqueles tons e acentos; cando menos, non hei falar da súa «calidade», mais si que direi que presentaban certas diferenzas desacougantes no vocabulario, pronuncia e sotaque. Cada pequeno detalle do dialecto de Nova Inglaterra, desde as bastas sílabas dos colonos puritanos até a precisa retórica de cincuenta anos atrás, semellaba estar representado naquel coloquio

sombrizo, malia que non foi até máis tarde cando me decatei daquel feito. O caso é que no momento a miña atención centrouse noutro fenómeno, algo tan efémero que non podería xurar que acontecese realmente. En canto acordei, crin ver unha «luz» que se extinguía rapidamente, mergullada no interior do sepulcro. Non creo que estivese terriblemente abraiado nin que fose presa do pánico, mais sei que aquela noite algo «mudou» en min dun xeito enorme e permanente. Cando volvíñ á casa fun directo a un arcaz acarunchado do rocho, onde atopei a chave coa que, ao día seguinte, abrín con facilidade a barreira que tanto tempo me atormentara.

Foi baixo o resplandor suave do serán cando entrei pola primeira vez na cripta da aba abandonada. Estaba como enmeigado e o meu corazón batía dun xeito tan exultante que só un louco podería describilo. Cando fechei a porta tras de min e descendín polos banzos húmidos, iluminado só pola luz dunha candea, semellaba coñecer o camiño e, malia que a chama flutuaba co fedor sufocante do lugar, sentínme estrañamente na casa, rodeado por aquel ar rancio e funerario. Cando ollei arredor, enxerguei varios nichos de mármore que contiñan cadaleitos ou restos de cadaleitos. Algúns estaban selados e intactos, mais outros case desapareceran por completo, e deixaran atrás só as asas e as placas espaxadas entre estrañas moreas dun po esbrancuxado. Sobre unha das placas puiden ler o nome de Sir Geoffrey Hyde, quen chegara de Sussex en 1640 e morrera neste lugar uns poucos anos máis tarde. Nun nicho prominente achábase un ataúde bastante ben conservado e baleiro, adornado só cun nome que me fixo a un tempo sorrir e estremecer. Un estraño impulso fíxome rubir ao largo nicho, apagar a candea e deitarme no interior da caixa baleira.



Baixo a luz agrisada do abrente, saín cambaleando da cripta e fechei o cadeado da porta tras de min. Xa non era un mozo, pois vinte e un anos arrefriaran o meu corpo carnal. Os aldeáns máis madrugadores que me viron camiñar cara á casa olláronme dun xeito estraño, e sorprendéronse polo aspecto de trouleiro que traía, pois eu era coñecido por levar unha vida sobria e solitaria. Non aparecín perante os meus pais até despois de durmir unha longa e reparadora soneca.

Desde aquela visitei a tumba cada noite, para ver, escoitar e facer cousas que nunca debo revelar. A miña fala, sempre susceptíbel ás influencias da contorna, foi o primeiro que sucumbiu á mudanza, e axiña se fixo patente o súbito arcaísmo que adquirira a miña dicción. Logo, unha curiosa ousadía e temeridade apoderáronse do meu comportamento, até o punto de que, inconscientemente, pasei a ter o porte dun home de mundo, malia a reclusión en que vivira toda vida. A miña antes silandeira conversa foise enchendo coa graza lixeira dun Chesterfield ou co ateo cinismo dun Rochester. Despreguei unha especial erudición completamente oposta ao saber místico e fantástico do que bebera na miña xuventude e cubrín as páxinas de cortesía dos meu libros con epigramas improvisados que lembraban a Gay, a Prior e aos máis vitais e sutís dos poetas augústeos. Unha mañá no almorzo estiven a piques de desencadear o desastre cando comecei a declamar, cun claro acento de bébedo, un efusivo poema dionisiaco do século XVIII, un retrinco do espírito brincadeiro da época xeorxiana.

*Achegádevos, meus amigos, cos vosos xerros de cervexa  
e bebede polo presente antes de que se esvaeza;  
servídevos un monte de carne en cada prato,  
pois esta comedeira e bebedeira nos ha dar descanso:  
Así que erguede a copa,*

*que a vida axiña se esgota;  
que cando esteades mortos non beberedes nin polo voso rei nin  
pola vosa moza!*

*Anacreonte tiña un nariz vermello, ou iso din;  
pero que é un nariz vermello se se é alegre e feliz?  
Deus me valla! Prefiro estar vermello mentres no mundo ando,  
que branco como un lirio e morto a metade do ano!  
Así que, Betty, doncela,  
ven dar-me un bico na meixela.  
No inferno non hai filla de taberneiro coma ela!*

*O mozo Harry fai por manter a cabeza ergueita,  
mais axiña ha perder a perruca e caer baixo a mesa;  
pero enchede os picheis e facede virar as xerras  
mellor baixo a mesa que baixo terra!  
Logo a rir e a chacear,  
a beber sen parar:  
baixo seis pés de terra é difícil troulear!*

*O diaño me confunda! Case non podo camiñar,  
e menos aínda erguerme ou falar!  
Ei, taberneiro, manda a Betty por unha cadeira;  
nun anaco irei para a casa, xa que a muller non está nela!  
Así que dáme a man,  
non son quen de me termar,  
mais son feliz mentres sobre a terra poida andar.*

Foi por este tempo cando xermolou o meu medo ao lume e aos lóstregos. Antes sempre me foran indiferentes, mais agora téñolles un terror indescribíbel e fago por me agochar nos lugares máis recónditos da casa sempre que o ceo ameaza cunha treboada eléctrica. Durante o día, unha das miñas principais obsesións era o soto en ruínas da mansión incendiada, e nas miñas fantasías debuxaba a súa estrutura de antano. Nunha ocasión deixei abraiado un veciño cando o guiei en segredo a un subsoto de pouca altura, cuxa existencia eu coñecía malia o feito de que levaba xeracións esquecido.

E á fin chegou aquilo que tanto tempo temera. Os meus pais, alarmados pola alteración do comportamento e do aspecto do seu único fillo, comezaron a realizar un seguimento dos meus movementos que rematou en desastre. Non lle falara a ninguén sobre a tumba, pois desde cativo gardara o meu propósito secreto cun celo relixioso; mais agora víame forzado a andar con moito ollo cando atravesaba os labirintos da valgada boscosa para que ningún posíbel perseguidor me puidese seguir a pista. Gardaba a chave da cripta pendurada do meu pescozo, cousa que só eu sabía. Tampouco sacaba do sepulcro ningún dos obxectos que había entre os seus muros.

Unha mañá, logo de me erguer na húmida tumba e de fechar o cadeado do portal cunha man non moi hábil, enxerguei na espesura próxima a temida faciana dun espía. Abofé que a fin estaba próxima, xa que descubriran o meu emparrado e con el se revelaba o destino das miñas escapadas nocturnas. O home non se dirixiu a min, polo que apurei o paso cara á casa co obxectivo de ouvir o que fose que lle contase ao meu preocupado pai. Había saber o mundo das miñas estadías alén do portal fechado? Imaxinen o meu compracido abraio cando ouvín o espía informar o meu proxenitor entre murmurios de

que «pasara a noite no emparrado de fóra da tumba», e cos ollos durmidos chantados na fenda que deixaba entreaberto o cadeado! En virtude de que milagre se enganara así o espía? Daquela convencinme de que algún axente sobrenatural me protexía. Animado por esta circunstancia que me enviara o ceo, retomei axiña as miñas idas á cripta sen medo ningún, confiado de que ninguén se decatara de que entraba nela. Durante unha semana gocei ao máximo dos praceres daquela sala de cadáveres, praceres que non vou describir, até que aconteceu «esa cousa» e fun afastado daquela maldita morada de tristura e monotonía.

Non debín aventurarme aquela noite, pois as nubes levaban a marca do lóstrego, e unha fosforescencia infernal erguíase desde a tupida braña que se estendía no fondo da valgada. A chamada dos mortos tamén era distinta aquela noite. No canto da tumba na aba, foi ao soto arrasado polo lume onde aquel demo me dirixiu cos seus dedos invisíbeis. Cando saín da fraga ao clareiro no cumio do outeiro que se estendía ante a ruína, ollei baixo o luar neboento unha cousa que, dalgún xeito vago, sempre agardara. A mansión, en ruínas xa desde un século atrás, volvía erguerse na súa maxestosa altura, e cada xanela brillaba co fulgor de moitas candeas. Pola estrada arriba subían varios coches da aristocracia de Boston, mentres que un gran número de apoderados das mansións próximas se achegaban a pé. Mestureime con aquela multitude, malia que sabía que pertencía aos anfitrións máis que aos hóspedes. No interior soaba a música, as risas, e había viño nas mans de todo o mundo. Recoñecín varios rostros, malia que quizais os recoñecería mellor de estaren acarunchados ou descompostos pola morte e a podremia. No medio daquela multitude desbocada, eu era o máis licencioso e salvaxe. Divertidas blasfemias abrollaban en torrentes dos meus beizos, e nas miñas impresionantes arroutadas non atendía lei

divina, humana ou natural. De socato, o bruar do trono resoou por riba mesmo das miñas porcalladas e bateu contra o teito para deixar caer un manto de medo sobre o bulicioso xentío. Vermellas linguas de lume e refachos de ar ardente encheron a casa, e os esmorgantes, sacudidos polo pánico ante a calamidade que descendía do ceo e semellaba transcender os límites da natureza mesma, fuxiron berrando na noite. Só eu fiquei alí, cravado no meu asento por un medo servil que nunca antes sentira. E logo un segundo horror tomou posesión da miña alma. Queimado até se reducir a borralla, o meu corpo dispersouse aos catro ventos. «Nunca xacerei na tumba dos Hyde!» Non estaba o meu cadaleito xa preparado? Acaso non tiña dereito a repousar o resto da eternidade entre os descendentes de Sir Geoffrey Hyde? Ai! Había de reclamar a miña herdanza mortuoria, mesmo se a miña alma tivese que vagar durante eras enteiras na procura doutra morada corpórea que substituíse o meu corpo no cadaleito baleiro do meu nicho na cripta. Jervas Hyde nunca compartiría o fado de Palinuro!

Cando o fantasma da casa en chamas se esvaeceu, acheime berrando e loitando como un louco nos brazos de dous homes, un dos cales era o espía que me seguira até a tumba. A chuvia caía a mares e cara ao sur, no horizonte, víanse aínda alustros da treboada que pasara sobre as nosas cabezas había un anaco. O meu pai, coa faciana marcada con engurras de mágoa, ficaba ao meu carón, mentres eu berraba que quería xacer na miña tumba, e advertía constantemente aos que me suxeitaban de que me tratasen con toda a delicadeza posíbel. Un círculo denegrado no chan do soto en ruínas indicaba o lugar onde caera un violento raio desde o ceo, e nese lugar xuntouse un grupo de aldeáns curiosos que portaba lanternas e alumeaba unha pequena caixa de feitura antiga que o impacto do raio sacara á luz. Detiven a miña

resistencia inútil e ollei os espectadores que examinaban o achado, e permitiúseme ser partícipe do seu descubrimento. A caixa, cuxos feches rachara o mesmo raio que a desenterrara, contiña moitos papeis e obxectos de valor, mais eu só tiña ollos para un. Era unha miniatura de porcelana dun home novo toucado cunha elegante perruca de rizos coas iniciais «J.H.» gravadas. O seu rostro era igual que o que eu vía en min, como se me estivese a mirar nun espello.

No día seguinte trouxéronme a este cuarto de xanelas enreixadas, mais mantívenme informado de certos asuntos grazas a un servidor ancián e con non moitas luces polo que sentín certo agarimo na infancia, xa que comparte comigo un amor semellante polos camposantos. O único que conseguín co pouco que me atrevín a relatar sobre as miñas experiencias na cripta foron uns sorrisos de compaixón. O meu pai, que me visita con frecuencia, asegura que non crucei o portal fechado en ningún momento e, logo de examinar o cadeado enferruxado, xura que ninguén o tocou en cincuenta anos. Mesmo di que toda a vila sabía das miñas excursións á tumba e que ás veces me viran durmido no emparrado exterior, ante a adusta fachada, cos ollos entreabertos fixos na fenda que levaba ao interior. Non teño ningunha proba tanxíbel contra estas aseveracións, pois a miña chave do cadeado perdeuse durante o forcexo da noite do terror. Os estraños coñecementos do pasado que obtiven durante aqueles encontros nocturnos cos mortos achácanos ao froito dunha vida enteira dedicada a engulir os antigos volumes da biblioteca familiar. De non ser por Hiram, o meu vello servente, a estas alturas xa estaría bastante convencido da miña propia loucura.

Mais Hiram, leal até a fin, ten fe en min, e levou ao cabo aquilo que me empurra agora a facer pública, cando menos, unha parte da miña

historia. Hai unha semana abriu o fecho que mantiña a porta da tumba permanentemente entreaberta, e descendeu ás súas tenebrosas profundidades cunha lanterna. Sobre a lousa dun nicho achou un cadaleito vello pero baleiro, cuxa luxada placa aínda ten gravada a palabra «Jervas». Nese cadaleito e nesa cripta prometéronme que me habían soterrar.



## DAGON

---

[*Dagon* escribiuse en xullo de 1917 e publicouse no número de novembro de 1919 da revista *The Vagrant*.]

---

**E**scribo isto baixo unha considerábel tensión psicolóxica, pois esta noite deixarei de existir. Sen un can e a piques de se me acabar esta droga, que é o único que fai aturábel a miña vida, non podo soportar máis esta tortura, polo que me vou guindar pola xanela deste ático á quela estreita de embaixo. E non pensen que a miña fraqueza e dexeneración se deben a ser escravo da morfina. Cando lean estas páxinas esborrachadas ás présas adiviñarán, pois nunca serán quen de o comprender completamente, por que motivo preciso o esquecemento ou a morte.

Achábame nunha das zonas máis afastadas e menos frecuentadas do largo Pacífico cando o buque no que traballaba como sobrecargo caeu nas gadoupas dun pirata alemán. A Gran Guerra estaba aínda no seu comezo, así que as forzas marítimas de Hun aínda non se afundiran completamente na súa posterior degradación. Daquela foi cando converteron o noso barco en lexítimo trofeo mentres que trataron a



tripulación con toda a xustiza e consideración coas que se debe tratar os prisioneiros navais. De feito, tan laxa era a disciplina dos nosos capturadores que cinco días despois de que nos apresasen eu xa conseguira fuxir só nun pequeno bote con auga e provisións para un bo feixe de días.

Cando á fin me achei ceibo e á deriva, tiña ben pouca idea do que me rodeaba. Nunca fora un mariño competente, polo que apenas puiden saber dun xeito vago a partir da posición do sol e das estrelas que me achaba nalgún lugar ao sur do ecuador. Sobre a lonxitude pouco sabía, e non había illa nin costa á vista. O tempo seguía a ser bo, así que durante días incontábeis andei á deriva baixo o sol abrasador, á espera de que pasase algún barco ou de dexergar as costas dalgunha terra habitábel. Mais non apareceu barco nin costa, así que comecei a caer en desespero na miña soidade sobre a enormidade do azul inquebrantábel.

A mudanza tivo lugar mentres durmía. Nunca saberei os detalles, xa que o meu sono, malia que axitado e inzado de pesadelos, foi constante. Cando me erguín, á fin, foi para me descubrir medio afundido nunha chaira lamacentas dun negro infernal que se estendía ao meu redor formando monótonas ondulacións até onde alcanzaba a miña vista, e na que o meu bote xacía varado a certa distancia.

Malia que un pode imaxinar que o meu primeiro sentimento foi de marabilla ante tan prodixiosa e inesperada mudanza de escenario, en realidade achábame máis horrorizado que abraiado, xa que no ar e no chan en descomposición había unha calidade sinistra que me xeaba até o carozo. A rexión estaba chea de podremia, con cadáveres de peixes e outras criaturas menos doadas de describir, e que vin emerxer aquí e acolá da lama noxenta que formaba a planicie. Se cadra non é posíbel comunicar con simples palabras a indicíbel fealdade que pode morar no

absoluto silencio e a inmensidade baldía. Non había nada audíbel e nada visíbel agás un vasto reino de lama negra, polo que a absoluta quietude e homoxeneidade da paisaxe me oprimían cun medo que me daba náuseas.

O sol caía desde un ceo que case me parecía negro na súa crueldade sen nubes, pois semellaba reflectir o pantano de tinta que se estendía baixo os meus pés. Mentres me arrastraba cara ao meu bote varado, decateime de que só unha teoría podería explicar a miña posición. Debido a algún movemento volcánico sen precedentes, unha porción do solo oceánico debera de verse proxectada cara á superficie e sacara á luz unha zona da Terra que levaba innumerábeis millóns de anos mergullada no máis profundo do mar. Tan grande era a extensión desta nova terra que se erguera por baixo de min que non podía detectar nin o máis feble son do océano por moito que agudizase o ouvido. Tampouco había ave marítima ningunha que viñese alimentarse das cousas mortas.

Durante varias horas fiquei sentado, pensando ensimesmado no bote, que xacía de costado e ofrecía unha pouca sombra conforme o sol se desprazaba polo ceo. A medida que pasaba o día, a terra foi perdendo algo da súa calidade pegañenta e comezou a secar dabondo como para poder camiñar sobre ela. Aquela noite durmín unha migalla e na mañá seguinte fixen un vurullo con comida e auga para poder afrontar unha xornada en terra seca, na procura daquel mar desaparecido e dun posíbel rescate.

Na terceira mañá o chan estaba xa seco dabondo como para camiñar con facilidade. O cheiro a peixe podre era enlouquecedor, pero eu estaba máis preocupado por cuestións máis graves como para reparar naquel mal, camiñando como estaba cara a un destino incerto. Todo o día avancei lixeiro cara ao oeste, guiado por un outeiro que se erguía

máis alto que calquera outra elevación naquel deserto. Esa noite acampe e no día seguinte aínda avancei cara ao outeiro, malia que o obxecto semellaba apenas máis preto que a primeira vez que o enxergara. Na cuarta tarde cheguei á base da cuíña, que resultou ser moito máis alta do que semellaba a distancia, cun val polo medio que lle daba un relevo máis agudo que o resto da paisaxe. Canso de máis para subir, durmín á súa sombra.

Non sei por que os meus soños foron tan estraños aquela noite, mais, antes de que aquel minguante fantásticamente xiboso se erguese ao lonxe sobre a planicie do leste, xa estaba esperto e cuberto de suor fría, convencido de non durmir máis. Experimentei semellantes sensacións que non sería quen de as vivir de novo. E baixo o resplandor da lúa entendín o imprudente que fora ao viaxar de día. Sen o resplandor do sol implacábel, a miña viaxe consumiría menos enerxía; de feito, agora sentíame ben capaz de realizar o ascenso do que non fora quen ao solpor. Recollín o meu vurullo e emprendín a subida.

Xa dixen que a monotonía intacta da planicie espertaba en min certo terror vago, mais coido que o meu terror foi a máis cando cheguei ao cumio do outeiro e dexerguei do outro lado un inconmensurábel pozo ou canón cuxo fondo a lúa non tiña luz dabondo como para iluminar. Sentínme como no límite do mundo, esculcando sobre o bordo un caos abismal de noite eterna. Porén, o meu terror despertou estrañas lembranzas da pasaxe de *The Paradise Lost*, de Milton, en que Satán ascende por mundos informes de escuridade.

Cando a lúa ascendeu máis no ceo comecei a me decatarme de que as abas do val non eran tan perpendiculares como eu imaxinara. Peitorís e saíntes de rocha facían relativamente doado o descenso e, logo dunha baixada duns poucos centos de metros, o declive volvíase máis suave.

Encirrado por uns azos que non podo entender moi ben, baixei con dificultade polas rochas e cheguei até o lugar en que a aba se tornaba máis suave, ollando para as profundidades estixias onde ningunha luz penetraba aínda.

De socato, toda a miña atención centrouse nun enorme e peculiar obxecto da aba contraria que se erguía moi alto, como a cen metros de onde eu me achaba, un obxecto que brillaba, esbrancuxado, baixo os raios da lúa en ascensión. Asegureime a min mesmo de que só era un enorme anaco de rocha, mais tamén era consciente de que, dalgún xeito, o seu contorno e posición non eran de todo obra da Natureza. Unha ollada máis de preto encheume de sentimentos que son incapaz de expresar, pois malia a súa enorme magnitude e o lugar en que se achaba, un abismo que estivera no fondo do mar desde que o mundo era novo, percibín fóra de toda dúbida que aquel estraño obxecto era un monólito ben labrado, cuxo enorme contorno coñecera a man e quizais a adoración de criaturas vivas e intelixentes.

Atordado e aterrecido, mais non sen certo deleite de científico ou arqueólogo, examinei a contorna máis de preto. A lúa, agora case no cénit, brillaba estraña e vívida sobre os cantís amoreados que baixaban até a sima, e revelaba que unha afastada masa de auga fluía no fondo, formando meandros en ambas as direccións, case lambendo os meus pés. Do outro lado da sima, as pequenas ondas bañaban a base do monólito ciclópeo, en cuxa superficie puideron agora observar inscricións e bastos baixorrelevos. A escrita era dun tipo xeroglífico que me resultaba descoñecido, diferente de calquera cousa que puidera ver nos libros, e na súa meirande parte consistía en símbolos de tipo acuático, como peixes, anguías, polbos, crustáceos, moluscos, baleas e formas semellantes. Obviamente, algúns dos caracteres representaban criaturas

mariñas descoñecidas para o mundo moderno, mais cuxas formas en descomposición puidera ver sobre a planicie que se erguera do fondo do océano.

Foron os baixorrelevos pictóricos, no entanto, os que me deixaron máis fascinado. Claramente visíbeis desde o outro lado da auga que me separaba do monumento, o que falaba do seu enorme tamaño, había unha ringleira de relevos cuxa temática causaría envexa ao mesmo Gustave Doré. Coido que aquelas cousas pretendían representar seres humanos, ou cando menos algunha clase de seres humanos, malia que as criaturas aparecían rebuldando como peixes nas augas dalgunha gruta mariña ou rendendo veneración nalgún templo monolítico que semellaba acharse tamén baixo as augas. Non me atrevo a falar con detalle sobre as súas facianas e figuras, xa que só lembralas me causa desmaio. Grotescas mesmo alén da imaxinación dun Edgar Allan Poe ou dun Edward Bulwer-Lytton, eran condenadamente humanas en liñas xerais, agás polas súas mans e pés membranosos, os beizos terriblemente longos e protuberantes, os ollos vidrados e saltóns e outras características menos agradábeis de lembrar. Outra cousa ben estraña era que semellaba que foran ciceladas dun xeito desproporcionado con relación ao fondo contra o que aparecían, xa que unha das criaturas estaba representada no acto de matar unha balea, que só era un anaco máis grande ca ela. Como dixen, reparei na súa calidade grotesca e no seu estraño tamaño, mais de aí a un intre decidín que só habían de ser deuses imaxinarios dalgunha tribo primitiva de pescadores, algunha tribo cuxo derradeiro descendente perecera idades antes de que o primeiro devanceiro do home de Piltdown ou de Neanderthal nacesse. Demudado por esta ollada inesperada a un pasado alén da concepción

de calquera antropólogo, fíquei cavilando mentres a lúa proxectaba reflexos misteriosos sobre o silencioso canal aos meus pés.

E de socato, vino. Con só un leve batuxar que indicara que se erguera da superficie, aquela cousa apareceu ante a miña vista sobre as augas escuras. Vasto como un Polifemo e abominábel, dirixiuse como un terríbel monstro de pesadelo en dirección ao monólito, cara ao que estendeu os seus xigantescos brazos escamudos, mentres inclinaba a súa cabeza odiosa e emitía algunha clase de sons rítmicos. Coido que foi ese o momento en que me volvíñ tolo.

Pouco lembro do meu ascenso frenético polo cantil e da miña delirante viaxe de volta ao bote varado. Coido que cantei un bo treito e rin dun xeito estraño cando xa fun incapaz de cantar. Teño lembranzas claras dun enorme temporal pouco tempo despois de chegar ao bote. En todo caso, sei que ouvín o bruar dos lóstregos e outros sons que a Natureza só emite cando está do peor humor.

Cando retornei da sombra achábame no hospital de San Francisco, onde me levara o capitán dun barco americano que rescatara o meu bote do medio do océano. Falei moito no meu delirio, mais descubrín que pouco caso fixeran das miñas palabras. Os meus rescatadores nada sabían dunha nova terra que emerxera no Pacífico, tampouco vin necesario insistir nunha cuestión que sei que non poderían crer. Un día visitei un afamado etnólogo e entretívono con curiosas preguntas sobre a antiga lenda filistea de Dagon, o Deus-Peixe, mais decateime axiña de que era un home irremediabelmente convencional e deixei de preguntar.

Acontece pola noite, especialmente cando a lúa está xibosa e minguante, entón é cando vexo a criatura. Probei coa morfina, mais a droga só me dá un alivio transitorio, e arrastroume ás súas gadoupas

para me converter nun escravo sen esperanza. Daquela, agora penso rematar con todo, unha vez escrita a narración completa dos feitos, que servirá de información ou divertimento risíbel para os meus coñecidos. A miúdo me pregunto se non puido ser unha pura ilusión, unha simple alucinación ou o produto dunha subida da febre, por xacer baixo o sol, desvariando sobre o bote, ao descuberto, logo da fuxida do buque alemán. Isto é o que me pregunto, mais como resposta sempre aparece ante min unha visión terriblemente vívida. Non podo pensar nas profundidades mariñas sen sentir un arreguizo ante as cousas sen nome que poden estar agora mesmo a se arrastrar e reptar no seu leito lamacento, adorando os seus antigos ídolos de pedra e gravando o seu propio aspecto en pedrafitas submarinas de granito enchoupado. Soño co día en que se erguerán sobre a ondada para esmagaren coas súas gadoupas fedorentas os restos dunha humanidade insignificante e consumida pola guerra, o día en que a terra se afundirá e o escuro solo oceánico ascenderá no medio dun pandemonio universal.

O final está próximo. Ouzo un ruído na porta, como se un corpo inmenso e esvaradío estivese a empurrala. Non me ha encontrar. Meu Deus, esa man! A xanela! A xanela!



## ALÉN DO MURO DO SOÑO

---

[*Beyond the Wall of Sleep* escribiuse en 1919 e publicouse na revista de afeccionados Pine Cones, en outubro de 1919.]

---

*Daquela, o soño despregouse ante min.*

— SHAKESPEARE

**A** miúdo pregunteime se a meirande parte dos mortais parou algunha vez a pensar na enorme importancia que teñen certos soños, ou a reflexionar sobre o mundo escuro ao que pertencen. Malia que a maioría das nosas visións nocturnas resultan pouco máis que febles e fantásticos reflexos das nosas experiencias na vixilia, malia Freud e o seu pueril simbolismo, existen algúns soños cuxo carácter etéreo e afastado do mundo non permiten unha interpretación corrente, e cuxos efectos lixeiramente excitantes e inquietantes suxiren posíbeis olladas fugaces a unha esfera de existencia mental non menos importante que a vida física, aínda que separada desta por unha barreira imposible de pasar. A miña experiencia non me permite dubidar de que o ser humano, ao perder a súa conciencia terreal, se ve noutra vida incorpórea, de natureza distinta e afastada á existencia que coñecemos,



e da que só as lembranzas máis finas e esborrachadas se conservan logo de espertar. Destas memorias esvaídas e fragmentarias podemos deducir moito, mais probar ben pouco. Podemos supor que, na vida onírica, a materia e a vida, tal e como se coñecen tales cousas na Terra, non resultan constantes por forza, e que o tempo e o espazo non existen tal como os entenden os nosos corpos na vida da vixilia. Ás veces coido que esta vida menos material é a nosa existencia real, e que a nosa estancia sobre o globo terráqueo resulta en si mesma un fenómeno secundario ou soamente virtual.

Foi logo dun soño de xuventude inzado de especulacións de tal clase, acabado de acordar eu unha tarde do inverno de 1900-1901, cando ingresou na institución psiquiátrica en que eu traballaba como interno un home cuxo caso me volveu á cabeza unha e outra vez. O seu nome, segundo constaba no rexistro, era Joe Slater, ou Slaader, e o seu aspecto resultaba o do típico habitante da zona da montaña Catskill: un deses descendentes estraños e noxentos dos primitivos poboadores do campo, cuxa estadía durante tres séculos nesa zona montañosa e pouco transitada os rebaixou a unha especie de decadencia bárbara, no canto de avanzar ao ritmo dos seus iguais, máis afortunados, asentados en comarcas máis poboadas. Entre esa xente particular, que se corresponde con exactitude cos decadentes individuos do chamado «lixo branco» do sur, non existe lei nin moral e o seu nivel intelectual áchase probabelmente por baixo do de calquera outro grupo da poboación nativa americana.

Joe Slater, que chegou á institución baixo a atenta vixilancia de catro policíaas estatais e que aparecía descrito como dun carácter extremadamente perigoso, non deu, así e todo, mostras de tal perigo a primeira vez que o vin. Aínda que moi por riba do talle medio e de

constitución rexa, amosaba unha absurda aparencia de estupidez inofensiva por mor dos seus pequenos ollos acuosos de ton azul pálido e somnolento, a súa barba amarelada, rara, desleixada e nunca afeitada, e a apatía coa que penduraba o seu groso beizo inferior. Non se sabía a súa idade, xa que entre a súa xente non hai rexistros familiares nin lazos estabéis, mais pola súa calvicie frontal e polo mal estado da súa dentadura o cirurxián anotou na súa ficha que debía de ter uns corenta anos.

Polos documentos médicos e xurídicos tivemos coñecemento de canto se coñecía sobre o seu caso. Aquel home, vagabundo, cazador e trampeiro, sempre resultara un estraño aos ollos dos seus primitivos paisanos. Acotío adoitaba durmir durante as noites máis do normal e logo de espertar pronunciaba palabras descoñecidas dun xeito estraño, tanto que mesmo chegaba a inspirar medo nos corazóns daquela xentalla sen imaxinación. Non é que o seu xeito de falar resultase totalmente insólito, xa que non falaba outra cousa que a decadente xiria da súa contorna. Mais o ton e a inflexión das súas expresións posuían unha calidade de exotismo misterioso e ninguén era quen de as escoitar sen sentir un arreguizo. El mesmo víase tan aterrecido e confuso como o seu auditorio, e unha hora despois de acordar xa esquecera todo canto dixera, ou cando menos o motivo que o levara a o dicir, e volvía á bovina e medio amigábel normalidade do resto dos montañeses.

Segundo Slater avellentaba, semellaba que as súas aberracións matutinas foran a máis en frecuencia e intensidade, até que arredor dun mes antes do seu ingreso na institución desencadeouse a estarrecedora traxedia que concluíu co seu arresto por parte das autoridades. Un día, contra o mediodía, logo dun profundo sono no que se sumiu por mor dunha bebedeira de whisky arredor das cinco da tarde anterior, o home

ergueuse de socato dando ouveos tan terribéis e extraordinarios que atraeron varios veciños até a súa choupana, un cortello noxento onde moraba cunha familia tan impresentábel coma el mesmo. Botouse ao exterior, á neve, ergueu os brazos para comezar a dar unha serie de pinchacarneiros mentres ouleaba a súa decisión de alcanzar algunha «gran cabana con resplandores no teito, nos muros e no chan, e a sonora e estraña música de alá lonxe». Cando dous homes de bo tamaño tentaron contelo, remexeuse cunha furia e forza propias dun maníaco, mentres non deixaba de berrar o seu desexo e a súa necesidade de atopar e matar certo «ser que brilla, se estremece e ri». Á fin, logo de estomballar un dos que o suxeitaban cunha pancada repentina, botouse sobre o outro nunha explosión diabólica de sede de sangue, ao tempo que ouveaba «vou saltar alto no ar para me abrir paso a sangue e lume entre quen tente determe». Familia e veciños fuxiron entón aterrecidos e, cando os máis valentes regresaron, Slater xa marchara, deixando tras de si unha polpa irrecoñecíbel do que fora unha persoa unha hora atrás. Ningún montañés se atreveu a o perseguir, e probabelmente se alegrarían de que morrese no frío; mais, cando varias mañás máis tarde ouviron os seus berros nun barranco afastado, comprenderon que conseguira sobrevivir dalgún xeito, e que era preciso neutralizalo por calquera medio. Daquela formaron unha patrulla armada de caza, cuxo propósito —fose o que for— acabou por se converter nun pelotón do shériff cando un dos poucas veces ben recibidos policías do estado descubriu por casualidade os buscadores, os interrogou e finalmente se uniu a eles.

No terceiro día acharon a Slater inconsciente no oco dunha árbore e conducírono ao cárcere máis próximo, onde uns alienistas de Albany o examinaron en canto recuperou o sentido. El contoulles unha historia

moi sinxela. Segundo dixo, deitárase a durmir unha tarde, contra o solpor, logo de inxerir gran cantidade de licor. Acordou para se descubrir chantado, coas mans cheas de sangue, na neve ante a súa cabana, co cadáver mutilado do seu veciño Peter Sladen aos pés. Espantado, fuxira aos bosques nun esforzo van por fuxir da imaxe do que debía de ser o seu propio crime. Alén diso non parecía saber nada, sen que o experto exame dos seus interrogadores puidese fornecer feitos adicionais. Esa noite Slater durmiu tranquilo e acordou na mañá seguinte sen outros trazos particulares que certa alteración da súa faciana. O doutor Barnard, que mantiña en observación o paciente, creu descubrir nos seus ollos azul pálido certo brillo dunha calidade peculiar, e nos beizos flácidos unha certa tensión, malia que case imperceptíbel, como de determinación intelixente. Mais, cando o interrogou, Slater refuxiouse na vacuidade habitual dos montañeses, e tan só insistía no que xa contara o día anterior.

A terceira mañá tivo lugar o primeiro dos ataques mentais do individuo. Logo dalgunhas mostras de intranquilidade durante o sono, estoupou nun ataque tan terríbel que foi precisa a suma das forzas de catro homes para o embutir nunha camisa de forza. Os alienistas escoitaron con grande atención as súas palabras, xa que a súa curiosidade ía en aumento polas suxestivas, malia que na súa meirande parte contraditorias e incoherentes, historias de familia e veciños. Slater delirou por volta duns quince minutos, balbucindo no seu dialecto campesiño sobre grandes edificios de luz, océanos de espazo, estrañas músicas e montañas e valgadas sombrizas. Mais sobre todo barruntou acerca dalgunha clase de entidade misteriosa e brillante que se estremecía, ría e se mofaba del. Esta era un ente vasto e vago, e semellaba inflixirlle un dano terríbel, e o seu maior desexo residía en

matala para acadar unha triunfante vinganza. Para o lograr, dicía, debía remontarse a través de abismos sen carga e acabar cun feixe de obstáculos que se interpuxesen no seu paso. Ese era o seu discurso, até que parou do xeito máis repentino. O lume da tolemia esvaeceuse dos seus ollos, e cun turbio abraio observou os seus interrogadores e preguntoulles por que estaba atado. O doutor Barnard retiroulle o arnés de coiro e non llo colocou até a noite, cando conseguiu convencer a Slater de que o aceptase por vontade propia, polo seu propio ben. O paisano xa admitira que ás veces falaba de xeito estraño, malia que descoñecía o motivo.

No transcurso dunha semana desencadeáronse outros dous ataques, aínda que os doutores aprenderon moi pouco deles. Especularon ben de tempo sobre a fonte das visións de Slater, xa que, ao non saber ler nin escribir, e posto que aparentemente nunca escoitara lendas ou contos de fadas, o seu prodixioso maxín resultaba inexplicábel. Que non procedía de ningún mito ou lenda ficaba especialmente claro polo feito de que aquel desgraciado lunático se expresaba sobre si mesmo só na súa sinxela linguaxe. Desvariaba sobre cousas que nin entendía nin podía interpretar, cuestións que pretendía experimentar, mais que non puidera aprender a través de calquera narración normal ou coherente. Axiña os alienistas decidiron que neses soños anormais se achaba a clave do problema; uns soños tan vívidos que durante certos períodos de tempo podían dominar por completo a mente esperta daquel ser humano basicamente inferior. Slater foi axuizado por homicidio, seguindo as debidas formalidades, absolvido grazas á súa tolemia e recluído na institución onde eu prestaba os meus modestos servizos.

Xa admitín ser un incansábel especulador sobre a vida onírica, e por iso pode xulgarse con que impaciencia me botei ao estudo do novo paciente en canto tiven coñecemento pleno dos feitos que rodeaban o caso. Semellaba sentir algunha simpatía cara a min, espertada sen dúbida polo interese que eu non podía ocultar, así como polo xeito amábel en que eu o interrogaba. Aínda que nunca chegou a recoñecerme no transcurso dos seus ataques, nos que eu me vía suspendido sen alento sobre as súas caóticas aínda que cósmicas descrições do seu mundo, recoñecíame nas súas horas tranquilas, cando podía sentar xunto á súa xanela barrada tecendo cestos de palla e vimbio, e quizais estrañando unha liberdade nas montañas que nunca había recuperar. A súa familia xamais se esforzou en o visitar. Seguramente acharan xa outro cabeza de familia temporal, segundo os hábitos deses montañeses dexenerados.

Aos poucos comecei a sentir unha subxugante admiración polas tolas e fantásticas creacións de Joe Slater. En si mesmo, o personaxe era pateticamente inferior, tanto en intelecto como no xeito de se expresar; mais as súas visións rutilantes e titánicas, aínda descritas nunha xiria bárbara e inconexa, eran sen dúbida algo que tan só unha mente superior ou mesmo excepcional podía concibir. Eu preguntábame acotío como podía a curta imaxinación dun dexenerado de Catskill conxurar visións cuxa simple existencia indicaba a presenza dunha faísca oculta de xenialidade. Como podía aquel pailán do monte facerse unha simple idea desas rexións escintilantes e dos espazos sobrehumanos sobre os que Slater divagaba durante os seus delirios furiosos? Cada vez máis ía facéndome á idea de que, no lamentábel individuo que se aniñaba ante os meus ollos, moraba o núcleo trastornado de algo que transcendía a miña comprensión, algo que se

achaba definitivamente alén da comprensión dos meus colegas médicos e científicos, máis experimentados aínda que menos imaxinativos.

Malia todo, eu non conseguía obter nada definitivo do personaxe. O resultado de toda a miña investigación residía en que, nun estado de vida onírica e medio incorpórea, Slater vagabundeaba ou aboiaba a través de vales resplandecentes e prodixiosos, por pradarias, xardíns, cidades e palacios de luz, nunha rexión prohibida e descoñecida para o ser humano. Alí xa non era un labrego e un dexenerado, senón unha criatura de vida importante e activa que se movía fachendosa e dominante, e só se preocupaba por certo inimigo mortal que semellaba ser de estrutura visíbel aínda que etérea, e que non parecía ter forma humana, xa que Slater xamais se refería a el como persoa, senón como un ser. Aquel ser causáralle a Slater algún dano odioso, aínda que non formulado, do que o maníaco —se dun maníaco se trataba— xurara vingarse. Polo xeito en que Slater se refería ás súas relacións, apostaría a que el mesmo e o ser luminoso se atoparan en igualdade de condicións; que nesa existencia onírica el era un ser luminoso da mesma estirpe que o seu inimigo. Esta impresión sustentábase nas frecuentes referencias a voos polo espazo e a calcinar canto se opuxese ao seu avance. Con todo, tales conceptos eran formulados mediante palabras bastas, completamente inadecuadas para os expresar, algo que me fixo deducir que, se existía realmente un mundo onírico, a linguaxe oral non constituía o medio de transmisión das ideas. Podería ser que a alma do dormente que habitaba ese corpo inferior loitase con desesperación por dicir cousas que a simple e dubitativa lingua da torpeza non podía proferir? Estaría quizais fronte a emanacións intelectuais capaces de explicar o misterio, a condición de ser quen de aprender a descubrilas e ler nelas? Non comentei tales cousas cos vellos médicos, xa que a

madurez resulta escéptica, cínica e mal predisposta ás novas ideas. Ademais, o director da institución chamárame a atención ultimamente coas súas maneiras paternais, asegurando que eu estaba a traballar demasiado e que a miña mente precisaba algún repouso.

Eu sostivera durante longo tempo a crenza de que o pensamento humano consiste basicamente en movementos atómicos e moleculares que se poden transformar en ondas etéreas de enerxía radiante, tales como a calor, a luz e a electricidade. Tal crenza levárame ben axiña a contemplar a posibilidade de comunicación telepática ou mental a través de aparellos axeitados, e nos meus días de universidade preparara un xogo de instrumentos de transmisión e recepción, semellantes dalgún xeito aos aparatosos mecanismos que se empregaran na telegrafía sen fíos durante aquel basto período previo á radio. Probáraos cun compañeiro de estudos mais, ao non obter resultado ningún, axiña os arrecunchara xunto con outras extravagancias científicas, coa esperanza de as poder empregar nun futuro. Agora, arrastrado polo meu intenso desexo de penetrar na vida onírica de Joe Slater, recorrín outra volta aos devanditos instrumentos e botei algúns días pónndoos a punto. En canto estiveron operativos de novo, non perdín oportunidade de os probar. A cada ataque de violencia en Slater, axustaba o transmisor á súa fronte e o receptor á miña, realizando delicados axustes para varias e hipotéticas lonxitudes de onda da enerxía intelectual. Eu tiña moi pouca idea sobre de que xeito as impresións mentais, de ter lugar a comunicación, espertarían resposta intelixente no meu cerebro; mais tiña a certeza de que podería detectalas e interpretalas. Así que proseguín cos meus experimentos, aínda que sen informar a ninguén da súa natureza.



Finalmente, todo se desencadeou o 21 de febreiro de 1901. Anos despois, se boto a vista atrás, comprendo o irreal que pode parecer, e ás veces pregúntome se o ancián doutor Fenton non tería razón ao lle botar a culpa de todo á miña imaxinación sobreexcitada. Lembro que escoitou con grande amabilidade e paciencia canto lle contei, mais acto seguido forneceume duns sedantes e dispuxo para min unhas vacacións de medio ano que iniciiei á semana seguinte. Aquela fatídica noite eu achábame moi axitado e perturbado, xa que, malia o excelente trato que se lle dispensaba, Joe Slater agonizaba sen remedio. Quizais era por mor da liberdade de montañas que perdera; ou quizais a desorde do seu cerebro se volvera forte de máis e o seu organismo, demasiado preguiceiro. En todo caso, a chama da vida apagábase naquel corpo degradado. Cara ao final atopábase adormentado e, ao caer a escuridade, sumiuse nun soño inquieto. Non lle puxen camisa de forza, tal como adoitaba facer cando el ía durmir, xa que vía que se atopaba demasiado feble como para resultar perigoso, mesmo se recaía na desorde mental outra vez antes de finar. Coloquei na súa cabeza e na miña os dous terminais da radio cósmica, coa teima de, contra calquera esperanza, conseguir unha primeira e última mensaxe do mundo onírico no escaso tempo que restaba. Connosco, na cela, atopábase un enfermeiro, un fulano mediocre que non comprendía o propósito do aparello, nin pensou en cuestionar os meus movementos. Co pasar das horas, vin como a súa cabeza se deixaba vencer co sono, mais non o molestei. Eu mesmo, arrolado pola rítmica respiración do san e do agonizante, debín de comezar a tocar pouco despois.

O son dunha melodía lírica e estraña foi o que me espreguizou. Acordes, vibracións e éxtases harmónicas resoaban apaixonados por todas as partes mentres ante a miña mirada enfeitizada se abría o

formidábel espectáculo da beleza suprema. Muros, columnas e arquivadas de lume vivente chameaban refulxentes arredor do sitio no que me parecía aboiar no ar, remontándose até unha bóveda alta, de esplendor indescritíbel. Mesturado nese despregue de magnificencia, ou máis ben suplantándoo ás veces nunha rotación calidoscópica, había escintileos de amplas chairas e vales encantadores, altas montañas e grutas suxestivas, dotados con calquera atributo adorábel de imaxinaría que os meus ollos cegados puidesen concibir, aínda que modelado por completo nalgunha materia reluciente, etérea, plástica, cuxa consistencia semellaba a un tempo espiritual e material. Segundo observaba, descubrín que a clave desta encantadora metamorfose residía no meu propio cerebro, xa que cada panorama que aparecía ante min era o que a miña mente desexaba contemplar. Nestes xardíns elíseos eu non resultaba un estraño, xa que cada imaxe e son me resultaba familiar, tal e como fora durante incontábeis eóns de eternidade no pasado, tal e como sería durante as eternidades do porvir.

Logo, a aura resplandecente do meu irmán na luz achegouseme e mantivo unha conversa comigo, alma con alma, en silencio e perfecta comunión de pensamentos. Aquela hora era a dun próximo triunfo, xa que, non ía o meu compañeiro fuxir á fin dunha degradante escravitude transitoria, escapar por sempre e prepararse a perseguir o maldito opresor mesmo até os campos superiores do éter, sobre os que lanzaría unha incendiaria vinganza cósmica que faría estremecer as esferas? Aboiamos así durante un tempo, até que notei certa turbidez e desmaio nos obxectos que me rodeaban, como se algunha forza me reclamase cara á terra..., o lugar ao que menos desexaba eu ir. O ser próximo a min semellaba estar a sentir tamén algunha mudanza, xa que aos poucos levou o seu discurso a unha conclusión, e el mesmo se preparou para

abandonar o lugar e se esvaeceu ante os meus ollos a unha velocidade algo maior que os demais obxectos. Cambiamos uns poucos pensamentos máis e souben que o ser luminoso e mais eu eramos reclamados polas nosas ataduras, aínda que aquela sería a última vez para o meu irmán na luz. A doente codia planetaria acharía a súa fin en menos dunha hora e o meu compañeiro veríase ceibo para perseguir o opresor a través da Vía Láctea e alén das últimas estrelas, até os mesmos confíns do universo.

Un choque moi definido separa a miña última impresión sobre a evanescente escena de luz do meu espertar súbito e algo avergoñado, así como do momento en que me erguín da cadeira ao ver que a figura agoniante da cama se remexía inquieta. Joe Slater, de feito, acordaba, aínda que probablemente por última vez. Ao observalo con máis calma, vin que na superficie das súas fazulas brillaban manchas de cor que antes non tiña. Os beizos tamén se vían diferentes, firmemente apertados pola forza dun carácter máis decidido que o que posuía o montañés. Finalmente, todo o rostro foi tensándose e a cabeza virou intranquila, cos ollos fechados. Non espertei o enfermeiro, senón que volvín axustar o dispositivo da cabeza, lixeiramente desaxustado, da miña «radio» telepática, coa intención de captar calquera mensaxe de partida que puidese emitir o soñador. Todo a un tempo, a cabeza virou bruscamente cara a min e os ollos abríronse de socato, o que me provocou un medo súbito. O home que fora Joe Slater, o dexenerado de Catskill, fitábame agora cuns ollos luminosos, abertos de pau a pau, uns ollos cuxo azul semellaba tornarse máis profundo. Non resultaban visíbeis teima ou dexeneración ningunhas naquela mirada, e souben sen ningunha dúbida que estaba fronte a un rostro tras o que subxacía unha mente activa e de primeiro nivel.

Naquela situación, o meu cerebro comezou a se abrir a unha lenta influencia externa que operaba sobre min. Fechei os ollos para concentrar máis os meus pensamentos e vinme recompensado polo coñecemento real de que a mensaxe mental que tanto tempo agardara chegaba á fin. Cada idea que se transmitía tomaba forma con rapidez na miña mente e, aínda que non se empregaba ningunha lingua actual, a miña habitual asociación de conceptos e expresións resultaba tan grande que me parecía recibir a mensaxe en inglés normal e corrente.

—Joe Slater está morto —así me chegou a impresionante voz, ou o axente de máis alá do muro do soño. Cos ollos abertos busquei o leito da dor, cheo de medo inexplicábel, mais os ollos azuis aínda me contemplaban calmos, e as faccións aínda amosaban unha intelixencia animada—. Está mellor morto, xa que non era axeitado para albergar a activa intelixencia dunha entidade cósmica. O seu corpo basto non podía aturar os axustes precisos entre a vida etérea e a planetaria. Era moito máis que un animal, moito menos que un ser humano, aínda que grazas aos seus defectos chegaches a me descubrir, xa que, en verdade, as almas cósmicas e as planetarias non deberían nunca chegar a se atopar. Foi o meu tormento e a miña prisión durante corenta e dous dos vosos anos terrestres. Eu son unha entidade igual á que ti mesmo asumes na liberdade que dá o sono sen soños. Son o teu irmán de luz e voei contigo polos vales resplandecentes. Non me está permitido falarlle ao teu ser terrestre esperto sobre o teu ser real, mais somos vagabundos dos amplos espazos e viaxeiros por multitude de eras. O vindeiro ano quizais estea a morar no escuro Exipto que ti chamas antigo, ou no cruel imperio de Tsan-Chan que se ha erguer dentro de tres mil anos. Ti e mais eu fomos á deriva entre os mundos que danzan arredor do lume de Arcturus e habitamos os corpos dos filósofos insectoides que se

arrastran sobre a cuarta lúa de Xúpiter. Que pequeno é o coñecemento do ser terrestre sobre a vida e a súa amplitude! Que pequeno debe ser, tamén, para garantir a súa propia tranquilidade! Do opresor non podo falar. Vós, na Terra, reparastes inconscientemente na súa afastada presenza... Vós, que sen coñecemento, despreocupados, destes ao seu tremelucante faro o nome de Algoz, a estrela do demo. Foi para achar e vencer o opresor o motivo polo que me esforcei en balde durante eóns, retido por ataduras corpóreas. Esta noite partirei como unha Némesse, levando xusta e ardente vinganza cataclísmica. Contémplame no ceo próximo á estrela do demo. Non podo falar moito máis, xa que o corpo de Joe Slater está a se volver frío e ríxido, e o seu basto cerebro deixa de vibrar como eu desexo. Fuches o meu irmán no cosmos, fuches o meu único amigo neste planeta, a única alma en sentirme e buscarme dentro da noxenta saca que xace neste catre. Volveremos atoparnos..., quizais nas resplandecentes brumas da Espada de Orión; quizais nunha deserta meseta da Asia prehistórica; quizais nun soño esta mesma noite, imposíbel de lembrar; quizais noutra forma, nos eóns por vir, cando o sistema solar xa non exista.

Neste momento, as ondas mentais detivéronse de socato e os pálidos ollos do soñador —ou debo dicir o morto?— comezaron a se vidrar como os dun peixe. Medio sumido en estupor, achegueime ao leito e tomei o seu pulso, mais descubrino frío, ríxido, sen latexos. As flácidas fazulas volveron palidecer e os beizos tensos abríronse, descubrindo a noxenta dentadura podrecida do dexenerado Joe Slater. Arreguiceime, pasei unha manta sobre aquela faciana espantosa e espertei o enfermeiro. Logo abandonei a cela e volví en silencio ao meu cuarto. Dun xeito imperioso e inexplicábel, precisaba durmir un sono cuxos soños non debo lembrar.

O clímax? Que sinxelo relato científico pode alardear de tal efecto retórico? Só rexistrei algúns feitos que eu creo reais, permitindo que quen os lea os interprete ao seu antollo. Como xa admitín, o meu superior, o vello doutor Fenton, nega a realidade de canto dixen. Afirma que me achaba colapsado pola tensión nerviosa e sumamente necesitado das longas vacacións con soldo completo que tan xenerosamente me concedeu. Xura pola súa honra profesional que Joe Slater non era outra cousa que un paranoico sen cura, cuxas fantásticas concepcións debían de proceder da basta herdanza de contos populares que circulan aínda hoxe na máis decadente das comunidades. Iso todo me di..., aínda que non podo esquecer o que eu vin no ceo tras a noite de Slater. Para evitar que me creades unha testemuña parcial, será outra pluma a que escriba este último testemuño, que quizais poida servir como o clímax polo que agardabades. Apuntarei o seguinte informe sobre a estrela Nova Persei, extraído das notas desa eminente autoridade astronómica, o profesor Garrett P. Serviss.

\*~\*

«O día 22 de febreiro de 1901, unha nova e marabillosa estrela foi descuberta polo doutor Anderson, de Edimburgo, non lonxe de Algoz. Ningún astro era antes visíbel nese lugar. En vinte e catro horas, a descoñecida alcanzou brillo dabondo como para tapar o de Capella. Unha semana ou dúas máis tarde minorou de xeito visíbel, e co paso duns poucos meses apenas se podía distinguir a simple vista.»



## MEMORIA

---

[*Memory* escribiuse en 1919 e publicouse no número de maio de 1923 da revista *The National Amateur*.]

---

**N**o val de Nis, unha maléfica lúa minguante brilla tenue e ábrese paso coa súa luz de raios esvaídos, a través da follaxe letal das grandes árbores upas. E nas profundidades do val, alí onde o luar non chega, móvense formas que non están feitas para seren vistas. A maleza medra mesta nas abas, alí onde malignas rubideiras e plantas rastreiras se envolven arredor das pedras de palacios en ruínas, onde se cinguen con forza a columnas rotas e monólitos estraños, e levantan lastrados de mármore que unhas mans esquecidas colocaron. E nas árbores, que medran inmensas en patios ruinosos, choutan pequenos monos, mentres que, entrando e saíndo de profundas criptas cheas de tesouros, se retorcen as serpes venenosas e outros seres escamudos e sen nome.

Inmensas son as laxes que dormen baixo as capas de húmida carriza, e poderosos son os muros dos que se desprenderon. Os seus



construtores erixíronas para a eternidade e é certo que aínda serven con nobreza xa que, debaixo delas, habita o sapo gris.

No mesmo fondo do val áchase o río Than, cuxas augas son lamacentas e están inzadas de algas. Nace de regatos ocultos e flúe cara a grutas subterráneas, e o Demo do Val non sabe por que as súas augas son vermellas, nin onde vai morrer.

O Xenio que axexa nos raios da lúa dirixiuse ao Demo do Val e díxolle:

—Son vello e é moito o que esquecín. Dime os feitos, aspecto e nome daqueles que ergueron estas ruínas de pedra.

E o Demo retrucou:

—A miña memoria é boa e moito sei sobre o pasado, mais tamén son vello.

»Aqueles seres eran como as augas do río Than, e non estaban feitos para seren entendidos. Non lembro as súas fazañas, xa que non foron máis que un alustro.

»Apenas lembro o seu aspecto, xa que era semellante ao dos pequenos monos das árbores. Mais si lembro con claridade o seu nome. Eses seres do pasado chamábanse Humanidade.

Entón, o Xenio voou de volta á lúa minguante e o Demo mirou pensativo un pequeno mono subido nunha árbore que medraba nun patio en ruínas.



## O VELLO BUGS

---

[*Old Bugs* escribiuse probabelmente en xuño de 1919 e non se publicou até 1959, anos despois da morte do autor.]

---

*Unha traxedia estrambótica de Marcus Lollius, procónsul da Galia.*

O tugurio de Sheehan, que adobía unha das quellas inferiores do barrio gandeiro céntrico de Chicago, non é o que se di un lugar agradábel. A súa atmosfera, inzada dun milleiro de cheirumes, apenas sabe o que son os raios purificadores do sol, e ten que loitar por se facer un oco contra as acres bafaradas de incontábeis puros baratos e cigarros que penduran dos beizos bastos das bestas humanas que roldan tal lugar, noite e día.

Mais a popularidade do antro de Sheehan non se resente por iso e hai unha razón para que así sexa, unha razón que resulta obvia para calquera que tome a molestia de ventar os aromas mesturados que alí se achan. Por riba, e entre os fumes e o cheiro a fechado, nótase un aroma que unha vez foi familiar en todo o mundo, pero que agora se atopa relegado ás esquinas da vida, mercé ao edicto dun goberno benevolente:

o cheiro a whisky forte e malo, unha *rara avis*, de feito, neste ano de graza de 1950.

O Sheehan é o centro recoñecido do tráfico clandestino de licor e drogas, e tal circunstancia confírelle certa dignidade que afecta mesmo aos desleixados que frecuentan tal lugar. Pero, mesmo así, había alguén que ficaba á marxe de tal palio de dignidade: un que compartía a miseria e sucidade do Sheehan, pero non a súa importancia. Chamábanlle o Vello Bugs e era o ser máis desprezábel dun submundo xa desprezábel por si mesmo. Un podía tentar pescudar quen fora algunha vez, xa que a súa linguaxe e acenos, cando se embebedaba dabondo, eran curiosos bastante como para espertar interese. Porén, era menos difícil determinar que era agora, xa que o Vello Bugs encarnaba, até un grao superior a todo, a patética especie á que chaman «perdedor» ou «marxinal». Era imposíbel precisar a súa procedencia. Certa noite interrompera de xeito estrambótico no Sheehan, botando espuma pola boca e pedindo a berros whisky e haxix e, cando llos proporcionaron a cambio da promesa de facer traballos servís, ficou xa alí, limpando chans e lavando cuspeiras e vasos, e facendo un cento de traballos do máis baixo nivel, a cambio do alcol e as drogas que precisaba para se manter vivo e cordo.

Falaba pouco e cando o facía era polo común na xiria habitual do submundo. Mais de cando en vez, se se lle enchía o peito grazas a unha xenerosa dose de whisky barato, estoupaba en sartas de incomprensíbeis polisílabos e fragmentos sonoros de prosa e verso, o que facía que algúns asiduos conxecturasen que coñecera tempos mellores. Un habitual, un desfalcador vido a menos, adoitaba conversar con el bastante acotío, e polas súas palabras chegou a supor que, no seu día, fora escritor ou profesor. Mais a única verdade tanxíbel sobre o

pasado do Vello Bugs era unha foto esvaída que levaba sempre enriba: a fotografía dunha moza de faccións nobres e fermosas. Sacábaa ás veces da súa carteira gastada, desenvolvía coidadosamente a súa envoltura de tea encerada e contemplábaa durante horas con expresión de inefábel tristeza e tenrura. Non era o retrato de ninguén a quen puidese chegar a coñecer alguén do submundo, senón o dunha muller de bo berce e educación, vestida coas roupas liviás de trinta anos atrás. O Vello Bugs mesmo semellaba sacado do pasado, xa que os seus indescritíbeis farrapos levaban todos os signos dun tempo pretérito. Era un home moi alto, que quizais pasaba do metro oitenta, malia que os seus ombreiros afundidos disimulaban ás veces tal cousa. O seu cabelo, dun branco sucio que caía en guechos, xamais se rizaba, e no seu rostro fraco medraba un mesto e enguedellado pelame que sempre semellaba incipiente, sen chegar a formar unha barba respectábel. O seu aspecto fora se cadra nobre algún día, mais agora amosaba os devastadores efectos dunha vida terríbel. Nalgún momento, quizais na mediana idade, fora sen dúbida un fulano gordo, pero agora estaba horribelmente fraco, coa carne morada que lle penduraba en bolsas baixo os ollos lagañosos e baixo as fazulas. En conxunto, o Vello Bugs non amosaba unha imaxe cómoda de ver.

O carácter do Vello Bugs desentoaba dun xeito estraño co seu aspecto. Polo xeral era da clase do «refugallo humano» disposto a facer o que for a cambio dunha dose de whisky ou haxix, pero a intervalos raros amosaba o trato que lle valera o seu alcume. Neses instantes trataba de se endereitar e un certo lume asomáballe nos ollos afundidos. O seu porte podía asumir unha graza e aínda unha dignidade inesperadas, e as sórdidas criaturas que o rodeaban podían sentir nel certa superioridade, un aquel que os volvía menos proclives a bater

como sempre naquel pobre e indefenso criado. En tales momentos podía facer gala dun humor retranqueiro e falar sobre cuestións que facían que os paisanos do Sheehan o tomasen por tolo e irracional. Mais aquelas arroutadas pasaban axiña e, outra volta, o Vello Bugs volvía ao seu eterno fregar chans e limpar cuspideiras. De non mediar certa particularidade, o Vello Bugs sería o escravo perfecto daquel sistema, e tal particularidade era o seu xeito de reaxir cando iniciaban un mozo na bebida.

O Vello erguíase do chan, enrabechado e nervioso, farfallando ameazas, avisos e xuramentos estraños, como animado por unha espantosa ansiedade que estremecía máis dunha mente drogada naquela sala ateigada. No entanto, logo dun tempo, a súa mente debilitada polo alcol comezaba a divagar e, cunha risa de louco, retornaba á súa fregona ou ao seu pano. Non creo que ningún dos habituais do Sheehan esqueza nunca o día en que chegou o mozo Alfred Trever. Era, máis que nada, un curioso, un mozo rico e cultivado que quería rozar o límite en calquera das súas acepcións. A fin de contas, esa era a opción de Pete Schultz, o gancho do Sheehan que captou o mozo no Lawrence College, na pequena cidade de Appleton, Wisconsin. Trever era fillo duns pais de certa posición en Appleton. O seu pai, Karl Trever, era avogado e cidadán de bo nome, mentres que a súa nai forxara unha envexábel reputación como poeta, co nome de solteira de Eleanor Wing. O propio Alfred era un erudito e poeta de talle, malia que se vía luxado por certa irresponsabilidade infantil, o que o facía a presa ideal para o gancho do Sheehan. Era louro, ben parecido e consentido, vivo e desexoso de probar todas as formas de espallamento que coñecera por lecturas e comentarios. No Lawrence fora un membro destacado da fraternidade burlesca de Tappa Tappa Keg, onde foi o máis salvaxe e alegre dos

salvaxes e alegres mozos transgresores, mais toda aquela frivolidade inmatura e colexial non chegara a o satisfacer.

Soubo polos libros que existían vicios máis profundos e quería coñecerlos de primeira man. Quizais a súa tendencia ao estraño fora fomentada, dalgún xeito, pola represión á que o someteron na súa casa familiar, xa que a señora Trever tiña razóns persoais para aplicar unha severidade rigorosa na educación do seu único fillo. Ela mesma, na súa mocidade, vírase fonda e permanentemente impresionada polo horror á disipación, produto do caso dun individuo co que nun tempo estivera prometida. O mozo Galpin, o prometido en cuestión, fora un dos fillos máis prometedores de Appleton. Xa de neno era ben distinguido e grazas á súa mente portentosa obtivera sona na Universidade de Wisconsin, e á idade de vinte e tres anos volvera a Appleton para se converter en profesor do Lawrence e pór un diamante no dedo da filla máis bela e brillante da vila. Durante un trimestre todo fora ben, até que a treboada estoupara sen previo aviso. Certos hábitos perniciosos, que tiñan a súa orixe nunha primeira inxestión de bebida acontecida anos antes, durante un retiro nos bosques, manifestáranse no mozo profesor, e só unha rápida renuncia fixera que librase dun castigo legal por insulto aos hábitos e á moral dos pupilos que tiña ao seu cargo. Galpin rompeira o compromiso e emigrara ao leste na procura dunha nova vida, mais, sen que pasase moito tempo, a xente de Appleton soubera que caera en desgraza na Universidade de Nova York, onde acadara unha praza de profesor de Inglés. Galpin dedicaba o seu tempo á biblioteca e á lectura, a preparar volumes e conferencias sobre diversos temas, conectados todos coas *belles lettres*, e amosando sempre un xenio tan destacábel que semellaba que o público podía ás veces perdoar os seus erros pasados. As súas lecturas apaixonadas en defensa de Villon, Poe, Verlaine e

Oscar Wilde podían aplicárselle igualmente a el mesmo, e no curto verán da súa gloria falouse mesmo dun novo compromiso con certa familia ilustre de Park Avenue. Mais daquela todo estoupou.

Unha caída final, comparábel ás demais, rompeu as ilusións daqueles que creran na redención de Galpin, e o mozo mudou de nome, para desaparecer da vida pública. Certos rumores dispersos asociábanos cun tal cónsul Hasting, cuxo traballo no teatro e o cinema atraían certa atención, grazas á amplitude e profundidade da súa erudición, mais Hasting axiña desapareceu de escena e Galpin converteuse, unicamente, nun nome que os pais pronunciaban a xeito de advertencia. Eleanor Wing casou axiña con Karl Trever, un mozo avogado, e do seu antigo noivo non gardou máis que a lembranza suficiente como para lle pór o seu nome ao seu único fillo, así como para se aplicar á guía dese mozo agraciado e testán. Con todo, agora, malia tal educación, Alfred Trever estaba no Sheehan, a piques de tomar o seu primeiro golo.

—Xefe —berrou Schultz ao entrar na fedorenta estancia, xunto á súa nova vítima—. Traio o meu amigo A. Trever, o mellor tipo de Lawrence, que está en Appleton, Wisconsin, como ben sabedes. Algúns comezan novos, tamén. O seu pai é un grande avogado na súa vila e a súa nai unha xenio da literatura. Quere ver a vida tal como é, saber a que sabe o verdadeiro veneno de ratos. Só lembre que é o meu amigo e tráteo ben.

Cando se pronunciaron os nomes Trever, Lawrence e Appleton, os presentes ociosos creron sentir algo fóra do común. Quizais non era máis que algún son relacionado co bater das bólas nas mesas de billar ou o resoar das botellas procedentes das misteriosas zonas do fondo, quizais só iso, ou un estraño bambear das sucias cortinas nalgunha das

xanelas cheas de cotra, mais moitos creron que alguén na estancia fixera rinchar os dentes e inspirara moi fondo.

—Alégrame coñecelo, Sheehan —dixo Trever nun ton tranquilo e cultivado—. É a primeira vez que veño a un lugar como este, pero son estudante das cousas da vida e non quero aforrar ningunha experiencia. Hai certa poesía neste tipo de cousas, xa sabe, ou se cadra non o sabe, tanto me ten.

—Mozo —retrucou o propietario—. Veu vostede ao lugar idóneo para ver o que é a vida. Temos de todo aquí, vida de verdade e tempo por diante. O maldito goberno pode domesticar a xente se ela llo permite, mais non pode parar un tipo se o que desexa é isto. Que é o que quere, amigo: alcol, coca ou que? Non poderá pedirnos nada que non teñamos.

Os fregueses máis habituais din que, nese momento, se decataron de que os golpes de fregona, regulares e monótonos, cesaran.

—Quero whisky... Whisky de centeo á vella usanza! —exclamou, entusiasmado, Trever—. Teño que lle dicir que estou farto da auga logo do que lin sobre as boas bebedeiras que se pillaban no pasado. Non podo ler as *Anacreónticas* sen salivar e a miña boca pídemme algo máis forte que a auga!

—*Anacreónticas*? Pero que raio é iso? —algúns daqueles parasitos miraron o mozo como se non estivese ben da cabeza. Mais o defraudador explicoulles que Anacreonte fora un tipo que vivira había moitos anos e que escribira sobre a alegría que sentía cando todo o mundo era como o Sheehan.

—Vexamos, Trever —seguiu o estafador—. Non dixo Schultz que a súa nai é unha literata?



—Si, maldición —retrucou Trever—. Pero non na mesma forma que o vello escritor tebano! Ela é unha desas moralistas pacatas e eternas que se esforzan en quitar toda a alegría á vida, unha especie eslamiada... Non faledes dela... Escribe todo baixo o nome de solteira de Eleanor Wing.

Foi entón cando o Vello Bugs deixou caer a fregona.

—Ben, aquí está o alpiste —anunciou Sheehan con ton ledos mentres entraba na sala cunha bandexa chea de botellas e vasos—. Bo e vello centeo, tan forte como non se pode atopar outro igual en todo Chicago.

Os ollos do mozo botaron alustros e as súas ventas dilatáronse ante os vapores que o camareiro servía diante del. Dáballe un enorme noxo e repugnaba toda a súa delicadeza herdada, mais conseguiu soste-la na súa determinación de probar a vida até o fondo, e logrou manter un aspecto decidido. Pero, antes de que puidese pór a proba a súa resolución, interveu o inesperado. O Vello Bugs, saltando desde a posición anicada en que se mantivera até o momento, deu un chouto sobre o mozo e arrincoulle da man o vaso, case ao mesmo tempo que atacaba a bandexa de botellas e vasos coa fregona, provocando que se fixesen cachizas sobre o chan, nunha confusión de líquidos aromáticos e botellas e vasos esnaquizados. Persoas, ou criaturas que foran persoas, guindáronse ao chan e comezaron a lambe-r os charcos de licor, pero a meirande parte deles ficou quieta, observando a insólita acción daquel escravo e refugallo de bar. O Vello Bugs ergueuse ante o atordado Trever e díxolle, con voz suave e cultivada:

—Non o faga. Eu, noutro tempo, era coma vostede e dei o paso. Agora son... isto.

—Pero que raio está a dicir vostede, vello chalado? —barballou Trever—. Como se atreve a interferir nos praceres dun cabaleiro?

Sheehan, acabado de recuperar do atordamento, avanzou e puxo unha man pesada no ombreiro daquel vello desgraciado.

—Esta foi a última vez, maldito becho! —exclamou fóra de si—. Cando un cabaleiro desexa tomar un grolo aquí, faino, como hai Deus, sen que ninguén o moleste. Lisca agora mesmo do meu local, antes de que te bote eu.

Pero Sheehan obrara sen un coñecemento científico da psicoloxía anómala e dos efectos dunha crise nerviosa. O Vello Bugs, que sostíña cunha man firme a fregona, comezou a brandila como a xavelina dun hoplita macedonio e non tardou en abrir un bo espazo ao seu redor, soltando, entrementres, unha sarta de palabras incoherentes, en metade da cal se lle podía ouvir dicir:

—... os fillos de Belial, acendidos de insolencia e viño...

A estancia converteuse nun pandemonio e a xente berraba e ouveaba de espanto ante o sinistro ser que acordaran. Trever semellaba aparvado e, segundo o balbordo ía a máis, arrimouse á parede.

—Non debe beber! Non debe beber! —ruxía o Vello Bugs mentres semellaba divagar, ou acenderse, coas súas citas.

A policía apareceu na porta, atraída polo escándalo, mais durante certo tempo nin se moveron nin fixeron ren. Trever, agora completamente aterrorizado e curado, para sempre, do seu desexo de ver a vida a través da ruta do vicio, pegouse aos acabados de chegar. Se lograba fuxir e tomar un tren que o levase a Appleton, pensou, podía dar por fechada a súa educación no eido da disipación. Entón, de súpeto, o Vello Bugs deixou de axitar a súa xavelina e ficou quieto, erguéndose máis recto do que ninguén naquel lugar o vira antes.

—*Ave, Caesar, moriturus te saluto!* —berrou, antes de caer ao chan enchoupado en whisky, para non se erguer xa nunca máis.

O que aconteceu despois é algo que nunca esquecerá o mozo Trever. A imaxe é confusa, mais indelével. Os policías abríronse paso entre a xente, preguntando con insistencia a todos sobre o que acontecera e sobre o cadáver no chan. Interrogaron especialmente a Sheehan, sen conseguir ningunha información de valor no que respectaba ao Vello Bugs. Daquela, o estafador lembrou a foto e suxeriu que podían botarlle unha ollada e buscar nos arquivos da comisaría. Un axente inclinouse, non sen algo de noxo, sobre aquela espantosa forma de ollos vidrados, atopou a fotografía envolvida no papel de seda e pasóullela aos outros.

—Vaia moza! —un borracho lanzou unha mirada chea de lascivia ao fermoso rostro, mais aqueles que estaban sobrios non o fixeron, senón que contemplaron con respecto as faccións delicadas e espirituais. Ninguén semellaba quen de situar todo aquilo, e todos se preguntaban como aquel refugallo comido polas drogas podía ter tal fotografía no seu poder. É dicir, todos menos o estafador, quen, entrementres, observaba con pesar a policía. Mais el furgara un pouco máis baixo a máscara de total degradación do Vello Bugs.

Logo pasaron a foto a Trever e produciuse unha mudanza no mozo. Logo dun primeiro sobresalto, volveu envolver o retrato, como se quixese protexelo da sordidez daquel lugar. Deitou unha mirada longa e inquisitiva á figura caída para se decatarse da súa grande estatura, así como da aristocracia de faccións que semellaban aparecer agora que a desgraciada chama da vida se apagara.

Non, dixo apresuradamente cando lle preguntaron se coñecía a persoa do retrato. A foto era moi vella, engadiu, e non podían agardar

que a recoñecese. Mais Alfred Trever non dicía a verdade, como moitos sospeitaron cando se ofreceu a facerse cargo do corpo e a ocuparse do seu enterro en Appleton. E é que, sobre a repisa da biblioteca da súa casa, penduraba unha reprodución exacta daquela imaxe, e toda a súa vida coñecera e amara a persoa retratada.

Porque aquelas nobres e xentís faccións eran as da súa propia nai.



## A TRANSICIÓN DE JUAN ROMERO

---

[*The Transition of Juan Romero* escribiuse en setembro de 1919 e publicouse en 1944, logo da morte do autor.]

---

**N**on gozo ao falar dos acontecementos que tiveron lugar na mina Norton o 18 de outubro de 1894. Un sentimento de obriga coa ciencia é o que me leva a lembrar esta época da miña vida, escenas e feitos cargados dun horror intenso por partida dupla, por canto non podo definilo con claridade. Mais coido que antes de morrer debo contar canto sei da, chamémola así, transición de Juan Romero.

A posteridade non precisa saber nin o meu nome nin a miña orixe. De feito, coido que é mellor omitilos, xa que cando alguén emigra de socato aos Estados Unidos ou ás colonias deixa atrás o pasado. Ademais, o que eu fun unha vez carece de relevancia na historia, agás quizais a circunstancia de que durante o meu servizo na India me sentía máis a gusto entre os mestres nativos de barbas brancas que entre os meus compañeiros oficiais. Profundara non pouco nos estraños saberes orientais cando sufrín as calamidades que me empurraron na procura

dunha nova vida no grande oeste americano..., unha vida na que me pareceu mellor adoptar outro nome, o que agora levo, que é moi común e non significa ren.

Durante o verán e o outono de 1894 vivín nas áridas extensións das montañas Cactus, empregado como peón na afamada mina Norton, cuxo descubrimento por parte dun vello prospector algúns anos atrás convertera a contorna dunha zona apenas poboada nun afervoadado caldeiro de vida sórdida. Unha caverna de ouro, baixo un lago de montaña, enriquecera o seu venerábel descubridor alén dos soños máis loucos, e agora era o escenario de operacións masivas de apertura de túneles por parte da corporación que rematara por a mercar. Descubríronse máis grutas e a produción de metal amarelo resultaba abraiantemente grande, polo que un amplo e heteroxéneo exército de mineiros dedicaba día e noite a traballar nas numerosas galerías e furados na pedra. O superintendente, un tal Arthur, disertaba acotío sobre a singularidade das formacións xeolóxicas locais e especulaba sobre a posíbel extensión da rede de covas para así facer cábalas sobre o futuro da titánica empresa mineira. Consideraba que aquelas cavidades auríferas eran o resultado da acción da auga, e cría que axiña se cruzaría o limiar da derradeira.

Ao pouco de chegar eu e ser contratado, Juan Romero chegou á mina Norton. Un máis da inesgotábel manda de mexicanos sucios que chegaban do país veciño. Desde o comezo chamou a atención polas súas faccións que, malia que claramente do tipo «pel vermella», resultaban, así e todo, salientábeis pola súa cor clara e os seus trazos refinados, completamente diferentes dos vulgares *greasers* ou *piutes* da localidade. É curioso que, aínda que era asombrosamente distinto dos indios hispanizados ou os puros, Romero non daba impresión de posuír traza

ningunha de sangue caucásico. Non era o conquistador español nin o pioneiro americano, senón o antigo e nobre azteca o que a un se lle viña ao maxín cando o silandeiro peón se erguía ao abrente, dexergando fascinado como o sol despuntaba sobre os outeiros orientais, e estricaba os brazos cara ao astro rei, como se estivese a realizar algún rito cuxa natureza nin el mesmo chegaba a comprender. Mais, alén do seu rostro, Romero non ofrecía nin un indicio de nobreza. Sucio e ignorante, o seu lugar estaba xunto aos outros mexicanos, pois procedía —segundo me contaron máis tarde— dos máis baixos estratos sociais da contorna. Achárano de cativo nunha basta choupana de montaña, único sobrevivente dunha epidemia que decimara a rexión. Nas proximidades da choza, ao pé dunha fenda na rocha de aspecto bastante peculiar, achábanse dous esqueletos que os voitres acababan de descarnar; con toda probabilidade os restos dos seus proxenitores. Ninguén lembraba as súas identidades e axiña case todos os esqueceron. Ademais, o derrubamento da cabana de adobe e o feche da fenda na rocha como consecuencia dunha avalancha axudaran a esborranchar aínda máis todo aquilo na memoria da xente. Criado polo cuatreiro mexicano que lle emprestara o apelido, Juan diferenciábase pouco dos seus iguais.

O aprecio que Romero tiña por min debíase sen dúbida ao estraño e antigo anel hindú que eu adoitaba levar cando non estaba a traballar. Prefiro non comentar nin a súa natureza nin como chegara ás miñas mans. Era a miña última ligazón cun capítulo da miña vida xa fechado para sempre e tíñoa en grande estima. Axiña descubrín que aquel mexicano de aspecto estraño estaba tamén interesado nel, e fitábao cunha expresión que escorrentaba calquera sospeita de simple cobiza. Os seus antigos símbolos semellaban avivar algunha feble lembranza na súa mente, inculta mais esperta, aínda que non podía velo antes. Ás

poucas semanas de chegar, Romero era como o meu fiel servente, malia que eu mesmo non era máis que un simple mineiro. As nosas conversas eran, por forza, limitadas. El sabía un feixe de palabras en inglés, mentres que eu descubrín que o meu castelán de Oxford ás veces tiña pouco que ver co dialecto que falaba o peón de Nova España.

Os acontecementos que estou a piques de relatar non estiveron precedidos por grandes presaxios. Aínda que Romero era para min un personaxe interesante, e aínda que o meu anel tivese sobre el aquela estraña fascinación, non creo que ningún dos dous adiviñase o que había pasar logo da grande explosión. Estudos de tipo xeolóxico aconsellaran unha ampliación cara a abaixo da mina, partindo da parte máis profunda da zona subterránea e, como o superintendente pensaba que non había atopar outra cousa que rocha sólida, colocouse unha inmensa carga de dinamita. Nin Romero nin eu tiñamos que ver con aquel traballo, así que a primeira nova que tivemos sobre os seus extraordinarios detalles chegounos por medio doutras persoas. A carga, se cadra máis potente do que agardaban, fixo tremer a montaña enteira. As xanelas dos barracóns da aba saltaron en cachizas coa onda de choque, mentres que os mineiros que se achaban nos pasadizos próximos se viron proxectados contra o chan. O lago Jewel, próximo ao lugar do suceso, levantouse en ondada como nun temporal. Cando investigaron, descubriron un novo pozo aberto sen final aparente baixo o lugar da explosión, unha sima tan monstruosa que ningún escandallo de man a daba medido, e tampouco ningunha lámpada era quen de a iluminar.

Confundidos, os mineiros tiveron unha reunión co superintendente, que enviou grandes cantidades de corda ao foxo, e ordenou que se fose empalmando e que se arriase sen descanso até tocar



fondo. Non tardaron os demudados traballadores en informar o superintendente do seu fracaso. Con firmeza, malia que de xeito respectuoso, comunicáronlle a súa negativa a volveren ao pozo, e nin sequera a traballaren outra volta na mina até que o cegasen. Sen dúbida, achábanse perante algo que sobordaba a súa experiencia, xa que, até onde a eles lles constaba, aquel baleiro era infindo.

O superintendente non lles retrucou. De feito, deulle bastantes voltas ao asunto e fixo numerosos plans para o día seguinte. A quenda da noite non acudiu esa tarde ao traballo. Ás dúas da mañá, un solitario coiote comezou a ouvear, queixoso, na montaña. Nalgún lugar dentro da prospección, un can ladrrou en resposta, ao coiote... ou ao que for. Unha treboada fora formándose sobre a serra e unhas nubes de formas estrañas corricaban dun xeito arrepiante polo túrbido camiño de luz do firmamento, que amosaba os intentos dunha lúa xibosa por brillar a través de multitude de capas de cirrostratos. Acordoume a voz de Romero desde a liteira superior. Era unha voz tensa e excitada por mor dunha expectación sen determinar que eu non chegaba a entender.

—Nai de Deus...! O son..., ese son... Ouza vostede! Óuveo vostede...? Señor, ESE SON!

Escoitei, preguntándome a que son podería referirse. O coiote, o can, a treboada, todo iso chegaba até os nosos ouvidos. Esta última collía pulo namentres o vento ouleaba máis e máis freneticamente. Víanse lóstregos polas xanelas do barracón. Pregunteille ao nervioso mexicano, mentres lle enumeraba os sons que se ouvían:

—O coiote? O can? O vento?

Mais Romero non contestaba. Logo comezou a murmurar, estarecido:

—O ritmo, señor... O ritmo da terra... ESA VIBRACIÓN BAIXO O CHAN!

E daquela eu tamén o ouvín; ouvino e arreguiceime sen saber por que. Embaixo, moi por baixo de min, notábase un son, un ritmo, tal como dixeran o peón, que, malia que extremadamente feble, acababa por se impor ao can, ao coioite e á treboada que ía en aumento. Non ten sentido tentar describilo, xa que é algo que non se pode describir. Podería ser algo así como o latexo das máquinas nas entrañas dos grandes buques, tal como se senten desde a cuberta, aínda que non era tan maquinal, tan carente de vida e consciencia. De todas as súas características, foi a súa fondura o que máis me impresionou. Á miña cabeza viñeron anacos dunha pasaxe de Joseph Glanvill, que Poe citou cun enorme efecto:

«A amplitude, profundidade e o insondábel da súa creación, que teñen unha fondura meirande que a do pozo de Demócrito.»

De socato, Romero deu un chouto desde a súa liteira e detívose ante min para fitar o extravagante anel da miña man, que brillaba dun xeito estraño a cada lóstrego. Logo esculcou cunha mirada intensa na dirección da boca da mina. Eu tamén me erguín e ficamos quedos durante un tempo, aguzando o ouvido mentres aquel ritmo extraordinario semellaba cobrar máis e máis calidade de vida. Entón, sen unha vontade aparente, comezamos a avanzar cara á porta, cuxo bater en ás do temporal creaba unha reconfortante suxestión de realidade terreal. O cántico das profundidades, das que agora semellaba abrollar o son, aumentaba en volume e definición, e sentímonos irresistibelmente empurrados cara a fóra, á treboada e á oca negrura da boca.

Non nos cruzamos con criatura vivente ningunha, xa que os homes da quenda da noite foran liberados do traballo e agora estaban sen dúbida no poboado de Dry Gulch, espallando rumores sinistros no ouvido dalgún taberneiro adormecido. Con todo, un pequeno cadrado de luz amarela, como un ollo á espreita, resplandecía na caseta do vixilante. Pregunteime un intre como lle afectaría son rítmico, mais Romero apuraba e eu seguino sen me deter.

Segundo entrabamos no pozo, o son das profundidades converteuse definitivamente en algo complexo. Resultábame horribilmente semellante a algunha especie de cerimonia oriental, con bater de tambores e cánticos corais. Eu, como xa saben, vivín moito tempo na India. Romero e mais eu, case sen dubidar, atravesabamos túneles e baixabamos escadas, sempre encamiñados cara ao que nos atraía, aínda que relutantes e presos dun arrepío cheo de mágoa e indefensión. Dunha volta crin que me volvía tolo... Foi cando, abraiado ao reparar en que o noso camiño estaba iluminado sen que houbera lámpadas ou candeas, descubrín que o vello anel do meu dedo resplandecía cunha radiación fantasmal, e deitaba un brillo pálido a través do ar húmido e mesto no que estabamos mergullados.

Sen previo aviso, Romero, logo de se descolgar por unha das moitas escadas bastas, botou a correr e deixoume só. Algunha nota nova e estraña naqueles redobres e cánticos, só apenas perceptíbel para min, leváranos a o facer e, cun berro salvaxe, penetrou totalmente ás cegas nas tebras da caverna. Ouvín os seus berros repetidos diante de min mentres tropezaba con torpeza nos lugares nivelados e descendía enlouquecido polas escadas desfeitas. Aterrecido como me achaba, aínda gardaba conciencia dabondo como para reparar en que a súa fala, cando articulaba algunha palabra, non se parecía a nada que eu

coñecese. Polisílabos duros e desacougantes suplantaran aquela mestura de mal español e peor inglés, e de entre eles só o «Huitzilopochtli», repetido con frecuencia, me resultaba un bocado familiar. Máis tarde situei esa palabra entre os traballos dun grande historiador e sentín un arrepío cando establecín as asociacións.

A culminación desa noite estarrecedora foi complexa malia que algo breve, e deu comezo ao alcanzar a última caverna da miña andaina. Da escuridade que tiña xusto diante xurdiu un derradeiro berro do mexicano, acompañado por un coro de sons tan terríbeis que non podería ouvilos outra volta e sobrevivir. Nese intre pareceu como se todos os terrores e as monstruosidades ocultas da terra se tornasen tanxíbeis nun esforzo por esmagar a humanidade. A un tempo, apagouse a luz do meu anel e distinguín o resplandor dunha nova luz que procedía dalgún espazo inferior, aínda que só se achaba a uns metros diante de min. Chegara ao abismo, que agora resplandecía avermellado e que, evidentemente, devorara ao infortunado Romero.

Avancei un pouco para me asomar ao bordo desa sima que ningún escandallo alcanzara a medir e que agora era un pandemonio de labaradas que choutaban cun ruxir aterrecedor. Nun comezo non distinguín nada agás un turbulento fervedoiro de luz; mais daquela algunhas sombras, todas tremendamente afastadas, comezaron a se perfilar entre a confusión e vin... Era iso Juan Romero...? Pero, meu Deus! Non me atrevo a dicir o que vin! Algún poder celestial que chegou na miña axuda ocultou as imaxes e os sons nunha especie de choque como o que debe de ouvirse cando dous universos coliden no espazo. Desatouse o caos e concedéuseme a paz da inconsciencia.

Apenas sei como continuar, xa que se deron unhas condicións extremadamente especiais, mais debo chegar á fin sen tentar discernir

que foi real e que ilusión. Cando acordei estaba san e salvo no meu barracón e o resplandor vermello do abrente albiscábase desde a xanela. Un pouco máis alá xacía, sobre unha mesa, o corpo sen vida de Juan Romero, rodeado por un grupo de homes entre os que se achaba o médico do campamento. Falaban da misteriosa morte do mexicano, que tivera lugar durante o soño, unha morte polo visto conectada dalgún xeito co terríbel raio que alcanzara e fixera tremer a montaña. Non había causa aparente do falecemento e unha autopsia non puido achar un motivo polo que Romero non puidese estar vivo. Por anacos de conversa, souben sen ningunha dúbida que nin Romero nin eu abandonáramos o barracón en toda a noite e que ninguén acordara co paso da arrepiante treboada que se abatera sobre a serra de Cactus. Ese trebón, dixeron os homes que se aventuraron até o pozo da mina, causara grandes derrubamentos e cegara por completo o fondo abismo que tanto medo espertara o día anterior. Ao lle preguntar ao vixilante sobre que sons precederan o poderoso trono, mencionou un coiote, un can e o ouleo do vento da montaña... Máis nada. Non teño motivos para dubidar da súa palabra.

Cando se volveu ao traballo, o superintendente Arthur chamou algúns homes de completa confianza para que fixesen algunhas pescudas no lugar onde xurdira o abismo. Obedeceron, malia que sen grande entusiasmo, e fíxose unha profunda sondaxe. Os resultados foron ben estraños. O teito do abismo, tal e como se comprobara no momento de se abrir, non era nada grosa, mais agora os trades dos investigadores atopáronse co que semellaba ser unha ilimitada extensión de rocha sólida. Como non atoparon máis nada, nin sequera ouro, o superintendente abandonou esas pescudas, malia que unha

mirada de perplexidade asomaba ás veces na súa faciana cando se achaba meditando, sentado ante a súa mesa.

Mais hai aínda outro feito estraño. Ao pouco de espertar na mañá que seguiu a treboada, descubrín a inexplicábel falta do anel hindú no meu dedo. Tíñalle un grande agarimo aínda que, así e todo, experimentei certa sensación de alivio ante a súa desaparición. Se un dos meus compañeiros mo roubou, andou o bastante listo en se librar do botín, xa que, malia os meus reclamos e unha procura policial, o anel non volveu verse xamais. De calquera xeito, dubido que o roubasen unhas mans mortais, xa que na India me aprenderon moitas cousas estrañas.

A miña opinión sobre todo isto varía de cando en cando. Co día e en case todas as estacións do ano, tendo a crer que case todo foi un simple soño. Porén, ás veces no outono, sobre as dúas da madrugada, cando os ventos e os animais oulean queixosos, vén a min, desde unha profundidade inconcibíbel, un condenado retallo dun bater rítmico... e sinto que a transición de Juan Romero foi, abofé, algo terríbel.



## A DECLARACIÓN DE RANDOLPH CARTER

---

[*The Statement of Randolph Carter* escribiuse en decembro de 1919 e publicouse no número de maio da revista *The Vagrant*.]

---

**R**epítolles, señores, que o seu interrogatorio non serve de nada. Encérrenme para sempre se queren. Mátenme se precisan unha vítima para alimentar esa ilusión que chaman xustiza. Pero non podo dicir máis do que xa dixen. Todo o que podo lembrar conteino con total sinceridade. Non ocultei nin desfigurei ren, e se algo continúa a ser esvaído é só por mor da escura nube que se apropiou do meu cerebro... A esa nube e á confusa natureza dos terrores que se abateron sobre min.

Repito que non sei nada de que foi de Harley Warren, malia que coído —case agardo— que atopou a paz e o esquecemento, se é que existen en algures. É certo que durante cinco anos fun amigo seu e que compartín en parte as súas terribes investigacións arredor do descoñecido. Non nego, malia que a miña memoria non é todo o exacta que desexaría, que esa testemuña súa puido vernos xuntos, como ela di,

no camiño de Gainesville, camiñando cara a Big Cypress Swamp, ás once e media daquela noite espantosa. E non me importa engadir que portabamos lanternas eléctricas, sachos e un rolo de arame con varias ferramentas, xa que todos eses obxectos cumpriron un rol que ficou gravado de xeito indelével na miña memoria enferma. Mais do que aconteceu despois e do motivo de que me atoparan só e atordado nas beiras da braña na mañá seguinte, insisto en que só sei o que lles contei unha vez e máis outra. Vostedes din que non hai nada no pantano ou preto del que puidese constituír o marco daquel espantoso episodio. Repito que non sei ren alén do que vin. Puido ser unha alucinación ou un pesadelo —e agardo que o fosen—, mais iso é todo o que lembro do que aconteceu naquelas terríbeis horas, logo de nos afastar da vista da xente. E o motivo de que Harley Warren non volvese só poden explicalo el ou o seu fantasma..., ou algo descoñecido que non podo describir.

Como dixen antes, as fantásticas investigacións de Harley Warren non me eran descoñecidas e até certo punto eu tamén as compartía. Da súa enorme colección de libros estraños sobre temas prohibidos, lin todos os que están escritos nas linguas que coñezo; moi poucos, comparados cos que non son quen de entender. A meirande parte son obras en lingua árabe e o libro que inspirou o espírito do mal —o libro que Warren levou no seu peto ao outro mundo— estaba escrito nuns caracteres que nunca antes vira. Warren non quixo dicirme nunca o que contiña aquel volume. Sobre a natureza das nosas pescudas teño que repetir que non conto xa cunha comprensión completa delas, feito que acho misericordioso, xa que eran unhas investigacións terríbeis, que eu compartía máis por un aquel de fascinación que por inclinación auténtica. Warren sempre me dominou e ás veces tíñalle medo. Lembro como me estremecín ante a expresión do seu rostro a noite anterior ao



espantoso acontecemento, mentres falaba da súa teoría, de que certos cadáveres non se corrompen nunca, senón que permanecen enteiros nas súas tumbas durante un milleiro de anos.

Pero agora non lle teño medo, xa que sospeito que coñeceu horrores alén da miña comprensión. Agora temo por el. Repito que non tiña a menor idea do noso obxectivo daquela noite. Abofé que tiña moito que ver co libro que Warren levaba enriba —aquele libro antigo escrito en caracteres indescifráveis que lle chegara da India un mes atrás—, mais xuro que non tiña constancia do que pensabamos descubrir. A súa testemuña di que nos viu ás once e media no camiño de Gainesville, en dirección ao pantano de Big Cypress. É posíbel que sexa certo. Na miña memoria só ficou gravada unha escena e debeu de se producir moito despois da media noite, xa que unha lúa pálida en cuarto minguante estaba moi alta no ceo, cuberta por veos medio transparentes.

O lugar era un antigo cemiterio, tan antigo que tremín ante os moitos signos de anos incontábeis. Atopábase nun val fondo cuberto de carriza e maleza, e alagado dun vago fedor que a miña fantasía asociou de xeito absurdo con pedras en descomposición. Por todas as partes víanse sinais de desleixo e decrepitude, e sobre min revoaba a idea de que Warren e mais eu eramos os primeiros seres vivos que invadíamos un silencio letal de séculos. Por riba, a lúa minguante asomaba a través dos vapores nauseabundos que semellaban abrollar de catacumbas descoñecidas, e baixo os seus febles e tremelucientes raios puideron albiscar unha noxenta formación de antiquísimos mausoleos, panteóns e tumbas; todos en estado ruinoso, cubertos de carriza e luxados de humidade, e parcialmente ocultos por unha vexetación desatada.

A primeira impresión que tiven da miña propia presenza naquela terríbel necrópole ten que ver co acto de me deter con Warren ante unha determinada tumba e de nos zafar da carga que polo visto portabamos. Reparei daquela en que eu trouxera unha lanterna eléctrica e dous sachos, mentres que o meu compañeiro cargara cunha lanterna semellante e un aparello telefónico portátil. Non pronunciamos unha soa palabra, xa que ambos os dous semellabamos coñecer o lugar e a tarefa que nos estaba encomendada; e sen demora empuñamos os sachos e comezamos a limpar de herba e maleza a antiga sepultura. Logo de deixarmos ao descuberto toda a superficie, que consistía en tres inmensas laxas de granito, retrocedemos uns pasos para dexergar o escenario macabro; e Warren semellou estar a realizar uns cálculos mentais. Logo achegouse de novo á tumba e, coa axuda do sacho a modo de panca, tentou erguer a laxa máis próxima a unhas pedras escachadas que no seu día puideran ser un monumento funerario. Non o conseguiu, polo que me fixo un aceno para que o axudase. Á fin os nosos esforzos combinados afrouxaron a laxa, que erguemos e apartamos a un lado.

Ficou ao descuberto unha abertura negra, pola que abrollou un efluvio de gases tan nauseabundos que Warren e mais eu recuamos ás carreiras. Con todo, logo duns intres achegámonos máis unha vez ao foxo para descubriremos que os efluvios eran xa máis doados de aturar. As nosas lanternas iluminaron un tramo de banzos de pedra enchoupados nalgún aborrecíbel zume das entrañas da terra, flanqueados por paredes húmidas con costras de salitre. Daquela, pola primeira vez que eu lembre durante aquela noite, Warren faloume coa súa adozada voz de tenor, unha voz especialmente tranquila vista a aterrecedora contorna.

—Sinto ter que che pedir que fiques na superficie —dixo—, mais sería un crime permitir que alguén cuns nervios tan fráxiles como os teus baixase aí. Non podes imaxinar, nin sequera polo que liches e polo que eu che contei, as cousas que vou ter que ver e facer. É unha tarefa do diaño, Carter, e dubido que calquera persoa que non teña unha sensibilidade bañada en aceiro poida levala a termo e volver vivo e cordo. Non quero ofenderte e o ceo é sabedor do moito que me alegraría levarte comigo, mais a responsabilidade é miña e non podo arrastrar un fato de nervios coma ti á morte ou á tolemia. Repítoche que non podes imaxinar sequera de que se trata... Pero prométoche que te hei manter informado por teléfono de cada un dos meus movementos. Como podes ver, trouxen arame dabondo para chegar ao centro da Terra e volver.

Aínda podo ouvir aquelas palabras coa súa inflexión fría e podo lembrar tamén as miñas protestas. Semellaba desesperadamente ansioso por acompañar o meu amigo a aquelas profundidades sepulcrais, mais el amosouse inflexíbel. Nun momento determinado ameazou con abandonar a expedición se non me daba por vencido, unha ameaza eficaz, dado que só el tiña a chave do asunto. Logo de obter o meu si de moi mala gana, Warren colleu o rolo de arame e axustou os instrumentos. Finalmente, entregoume un dos auriculares, estreitoume a man, cargou no ombreiro o arame e desapareceu no interior daquel osario innomeábel.

Fun sentar sobre unha lápida vella e descolorida, preto da abertura que acababa de engulir o meu amigo. Durante un par de minutos puíden ollar o resplandor da súa lanterna e ouvir o renxido do arame mentres o desenrolaba tras del, mais o resplandor desapareceu de socato, como se o tapase a revolta dunha escaleira, e o son apagouse coa mesma rapidez. Eu fiquei só, mais unido ás descoñecidas profundidades por aquel

máxico arame cuxo verde revestimento illante brillaba baixo os raios pálidos da lúa minguante.

Consultaba constantemente o reloxo á luz da lanterna, e estaba pendente do auricular cunha ansiedade febril, pero durante máis dun cuarto de hora non ouvín ren. Logo percibín un son leve e chamei polo meu amigo con voz tensa. Malia os meus medos, non me achaba preparado para as palabras que me chegaron desde aquela estarrecedora bóveda, cun ton de alarma que resultaba moito máis arrepiante polo feito de proceder do imperturbábel Harley Warren. El, que se separara de min con tanta tranquilidade un momento antes, chamaba agora desde abaixo cun rumor trémulo que me impresionou máis do que o faría o máis terríbel dos berros:

—Deus! Se puideses ver o que estou a ver!

Non puiden contestar. Ficara demudado, así que só puiden agardar. Warren falou outra volta:

—Carter, é terríbel..., monstruoso..., incríbel!

Desta volta a voz non me fallou e envorquei no micrófono un río de preguntas excitadas. Aterrecido, repetía sen pausa:

—Warren, que é? Que é?

Otra volta chegoume a voz do meu amigo, rouca de medo, agora visibelmente tinguida de desesperación:

—Non podo dicircho, Carter! É demasiado monstruoso! Non me atrevo a cho dicir... Ningún ser humano podería sabelo e continuar vivindo... Meu Deus! Nunca soñara con nada semellante!

Silencio de novo, interrompido soamente polas miñas ocasionais e agora trémulas preguntas. Logo, a voz de Warren cun tremor de medo desesperado:

—Carter! Polo amor de Deus, volve colocar a laxa e lisca se podes! Bule! Déixao todo e marcha... É a túa única oportunidade! Fai o que che digo e non me pidas explicacións!

Ouvino, mais só fun quen de repetir as miñas frenéticas preguntas. Ao meu redor había tumbas, escuridade e sombras. Debaixo de min, algunha ameaza alén do alcance da imaxinación humana. Mais o meu amigo estaba exposto a un perigo moito meirande que o meu, e a través do meu propio terror experimentei un esvaído resentimento ao pensar que me cría quen de o abandonar en circunstancias así. Ouvíronse máis golpes, e logo dunha breve pausa un laio de Warren:

—Polo amor de Deus, coloca de novo a laxa, Carter!

A xiria infantil do meu compañeiro amosaba que se achaba baixo a influencia dunha profunda conmoción, así que fixo un poderoso efecto sobre min.

—Warren, resiste! Vou baixar!

Mais, ante aquel ofrecemento, o ton do meu amigo tornouse nun ouleo de absoluta desesperación:

—Non! Non podes comprendelo! É demasiado tarde... E a culpa foi miña. Coloca de novo a laxa e corre... É o único que podes facer agora por min.

O ton mudou de novo, desta volta adquirindo unha maior suavidade, como de resignación sen esperanza. Porén, seguía a ser tenso debido á ansiedade que Warren experimentaba por mor da miña sorte.

—Bule! Corre, antes de que sexa demasiado tarde!

Non tentei levarlle a contraria. Loitei por superar a estraña parálise que se apoderara de min e cumprir a miña promesa de lle acudir. Mais o seu seguinte murmuro sorprendeme aínda inmóbil, atado coas cadeas dun horror indescritíbel.

—Carter, bule! Todo é inútil... Tes que fuxir... É mellor un que dous... A laxa...

Unha pausa, máis golpes, daquela a voz feble de Warren:

—Todo vai rematar... Non o fagas máis difícil... Sela eses banzos malditos e ponte a salvo... Non perdas máis tempo... Até nunca, Carter... Non volveremos vernos.

O murmurio de Warren medrou até se tornar nun berro, un berro que aos poucos foi engordando á súa vez para se converter nun ouveo posuidor de todo o horror dos séculos...

—Malditos sexan os seres infernais! Hai lexións deles! Meu Deus! Fuxe! Fuxe! FUXE!

Despois, silencio. Non sei cantos eóns sen fin permanecín sentado, atordado, murmurando, chamando, berrando a aquel teléfono. Unha e outra vez a través daqueles eóns, murmurei, chamei e berrei:

—Warren! Warren! Contesta! Estás aí?

E daquela chegou até min o terror último: o terror impronunciábel, impensábel, incríbel. Xa dixen que semellaron transcorrer eóns logo de que Warren lanzara a súa última advertencia desesperada, e que só os meus propios berros romperon aquel silencio estarrecedor. Mais logo duns intres ouviuse outro ruído no receptor e agudicei o ouvido para escoitar. Berrei outra volta: «Warren, estás aí?», e en resposta ouvín o que provocou a escura nube sobre o meu cerebro. Non vou tentar describir aquela voz, cabaleiros, posto que as primeiras palabras me arrincaron a consciencia e crearon un baleiro mental que se estende até o momento en que acordei no hospital. Que podería dicir? Que a voz era oca, profunda, xelatinosa, afastada, sobrenatural, inhumana, incorpórea? Aquilo foi a fin da miña experiencia, e é a fin da miña historia. Ouvina, e non sei máis nada... Ouvina mentres ficaba

petrificado naquel cemiterio descoñecido no val, entre as lápidas roídas e as tumbas en ruínas, a vexetación desatada e os vapores de podremia... Ouvina xurdindo das profundidades abismais daquel maldito sepulcro aberto, mentres albiscaba unhas sombras necrófagas e sen forma danzando baixo unha pálida lúa minguante.

E isto foi o que dixo:

—Parvo, Warren está MORTO!



## O ANCIÁN TERRÍBEL

---

[*The Terrible Old Man* escribiuse o 28 de xaneiro de 1920 e publicouse no número de xullo de 1921 da revista *Tryout*.]

---

**F**oi idea de Angelo Ricci, Joe Czanek e Manuel Silva facerlle unha visita ao Ancián Terríbel.

O ancián vive só nunha casa moi antiga da rúa Walter, próxima ao mar. Contan del que é un home enormemente rico e que ten unha saúde delicada de máis, cousa que supuña un atractivo para persoas da profesión dos señores Ricci, Czanek e Silva, pois a súa profesión era o latrocinio.

Os veciños de Kingsport din e pensan moitas cousas sobre o Ancián Terríbel, cousas que polo xeral o protexen da atención de cabaleiros como o señor Ricci e os seus camaradas, malia a case absoluta certeza de que oculta unha fortuna de magnitude descoñecida nalgún recuncho da súa mansión balorecida e antiquísima. O certo é que se trata dun ser moi estraño, que polo visto foi capitán de barco nas Indias Orientais. Está tan decrepito que ninguén lembra cando foi novo, e é tan silandeiro que poucos coñecen o seu verdadeiro nome.



Entre as nodosas árbores do xardín dianteiro da súa vella e descoidada residencia conserva unha estraña colección de grandes rochas, agrupadas de xeito estraño e pintadas de maneira que semellan os ídolos dalgún escuro templo asiático. Semellante colección escorrenta a meirande parte das crianzas que se divirten facendo burla da súa barba e do seu cabelo, longos e canos, ou facendo cachizas os cristais de marcos pequenos da súa vivenda. Pero hai outras cousas que arrepían as xentes maiores e de carácter curioso que en ocasións se achegan en silencio até a mansión para esculcar o interior a través das xanelas poeirentas. Esta xente conta que sobre a mesa dunha alcoba baleira do andar inferior hai moitas botellas estrañas, cada unha das cales ten no seu interior un anaco de chumbo pendurado dunha corda, como se fose un péndulo. E din que o Ancián Terríbel dialoga coas botellas e as chama por nomes como Jack, Cara Cortada, Tom o Longo, Joe o Español, Peters e Mate Ellis, e que, sempre que fala cunha botella, o péndulo de chumbo que leva dentro emite unhas vibracións precisas como resposta.

Aos que viron o alto e enxoito Ancián Terríbel nunha desas singulares conversas non se lles ocorre volver máis por alí. Mais Angelo Ricci, Joe Czanek e Manuel Silva non eran de Kingsport. Pertencían a esa xente nova e heteroxénea que fica á marxe do atractivo círculo da vida e tradicións de Nova Inglaterra e non viron no Ancián Terríbel outra cousa que un vello decrepito e practicamente indefenso que non podía andar sen a axuda do seu bastón, e cuxas mirradas e fráxiles mans tremían até dar mágoa. Ao seu propio xeito, compadecíanse moito daquel ancián solitario e impopular, a quen todos evitaban e a quen non había can que non ladrarse con especial rabia.

Mais os negocios eran os negocios e, para un ladrón entregado de cheo á súa profesión, sempre é tentador un ancián de saúde crebadiza que non ten conta no banco, e que para facer fronte ás súas escasas necesidades paga na tenda da aldea con ouro e prata españois acuñados dous séculos atrás.

Os señores Ricci, Czaneck e Silva escolleron a noite do 11 de abril para realizaren a súa visita. O señor Ricci e o señor Silva encargáranse de falar co coitado e ancián cabaleiro, mentres o señor Czaneck ficaría agardando polos outros dous e polo seu máis que probábel cargamento metálico nun coche cuberto, na rúa Ship, xunto ao enreixado do alto muro traseiro da eira do seu anfitrión. O desexo de evitaren explicacións innecesarias en caso dunha aparición inesperada da policía acelerou os plans para unha fuxida sen apuros.

Tal como o proxectaron, os tres aventureiros puxéronse ao choio por separado para así evitaren calquera sospeita posterior. Os señores Ricci e Silva combinaron na rúa Walter xunto á porta de entrada da casa do ancián e, aínda que non gustaron do xeito en que a lúa se reflectía nas pedras pintadas que se albiscaban entre os ramallos florecidos das árbores reviradas, tiñan cousas máis importantes en que pensar que deixar voar a súa imaxinación con supersticións xa trilladas. Temían que soltar a lingua do Ancián Terríbel fose unha tarefa pouco agradecida, mais precisaban pescudar o agocho do seu ouro e da súa prata, pois os vellos lobos de mar son especialmente testáns e perversos. En calquera caso, tratábase de alguén moi vello e feble, e eles eran dúas persoas que ían visitalo. Os señores Ricci e Silva eran expertos na arte de volver dóciles as persoas testanas, e os berros dun ancián feble e máis que vello son ben doados de sufocar. Así que se achegaron até a única xanela con luz e escoitaron como o Ancián Terríbel lles falaba en ton

infantil ás súas botellas con péndulos. Puxeron senllas máscaras e chamaron con delicadeza na descolorida porta de carballo.

A espera pareceulle moi longa ao señor Czanek, que se remexía inquieto no coche estacionado xunto ao enreixado traseiro da mansión do Ancián Terríbel, na rúa Ship. Era unha persoa máis impresionábel do normal e non gustou nada dos arrepiantes berros que ouvira na casa momentos antes da hora fixada para daren comezo á operación. Non lles dixerá aos seus compañeiros que tratasen coa maior delicadeza posíbel o pobre e vello lobo de mar? Atrapado pola angustia, observaba a estreita porta de carballo no alto muro de pedra cuberto de rubideiras. Non deixaba de consultar o reloxo e preguntábase polo motivo do atraso. Morrería o ancián antes de revelar onde se ocultaba o tesouro e sería preciso realizar un rexistro completo?

O señor Czanek non gustaba de agardar ás escuras en semellante lugar. Ao pouco, chegou até el o son dunhas pisadas liviás ou quizais uns golpes, no carreiro que atravesaba a propiedade. Ouvia como alguén manipulaba con torpeza, malia que con suavidade, o manubrio enferruxado, e viu como se abría a pesada porta. E baixo o resplandor amortuxado do único farol que alumaba a rúa agudizou a vista nun intento por comprobar que fora o que tiraran os seus compañeiros daquela sinistra mansión que se albiscaba tan preto.

Mais non viu o que agardaba. Alí non estaban de ningunha maneira os seus compañeiros, senón o Ancián Terríbel, apoiado con ar tranquilo no seu nodoso caxato, sorrindo con malignidade. O señor Czanek non reparara até aquel momento na cor dos ollos daquel home, mais agora podía ver que eran amarelos.

As pequenas cousas producen grandes conmocións nas cidades pequenas. Por iso foi polo que os veciños de Kingsport faláron toda

aquela primavera e o verán seguinte dos tres corpos sen identificar, terriblemente mutilados, igual que se recibisen múltiples coiteladas, e horriblemente machucados, como se os esmagasen moitas botas desapiadadas, que a marea trouxo a terra. Algúns mesmo falaron de cousas tan triviais como o coche abandonado que se atopou na rúa Ship, ou de certos berros inhumanos, posibelmente dalgún animal extraviado ou dun paxaro estraño, que escoitaron durante a noite os veciños que non podían conciliar o sono.

Mais o Ancián Terríbel non prestaba a menor atención aos rumores que corrían pola pacífica aldea. Era reservado por natureza e cando un é ancián e ten unha saúde delicada, a reserva é dobremente marcada. Ademais, un lobo mariño tan vello debera de ter presenciado multitude de cousas moito máis emocionantes nos afastados días da súa xa case esquecida mocidade.



## A ÁRBORE

---

[*The Tree* escribiuse en 1920 e publicouse no número de outubro de 1921 da revista *Tryout*.]

---

*Fata viam invenient.*

**N** unha aba verde do monte Ménalo, na Arcadia, hai un oliveiral que rodea as ruínas dunha vila. Acaroadada ao lugar hai unha tumba, noutro tempo engalanada coas esculturas máis sublimes, mais deixada agora á mesma decadencia que a casa. A un lado da tumba, coas súas curiosas raíces desprazando os bloques de mármore do Pentélico, castigados polo tempo, medra unha oliveira dun tamaño antinatural e cunha forma dalgún xeito noxenta. Tanto se parece á figura dun home deforme ou a un cadáver contorsionado pola morte, que os aldeáns temen pasar preto dela nas noites en que a lúa brilla feble a través das súas pólas retortas. O monte Ménalo é un dos lugares dos que gusta o temíbel Pan, ese que ten multitude de estraños compañeiros, e os pastores cren que a árbore debe de ter algunha relación terríbel con eses salvaxes bacantes. Mais un vello abelleiro que

mora nunha cabana das proximidades contoume unha historia diferente.

Hai moitos anos, cando a aldea costeira era nova e resplandecente, vivían nela os escultores Calos e Musides. A beleza da súa obra era loada desde Lidia até Neápole, e ninguén ousaba dicir que un era mellor que o outro. O Hermes de Calos erguíase nun santuario de mármore de Corinto, e a Palas de Musides remataba unha columna en Atenas, preto do Partenón. Todas as xentes rendían homenaxe a Calos e Musides, e abraíábanse de que ningunha sombra de envexa artística arrefriase a calor da súa amizade fraternal.

Porén, malia que Calos e Musides estaban en perfecta harmonía, os seus caracteres non eran iguais. Mentres que Musides gozaba nas noites dos praceres urbanos de Texea, Calos prefería ficar na casa, fóra da vista dos seus escravos, ao fresco amparo do oliveiral. Alí meditaba sobre as visións que enchían a súa mente, e alí concibía as formas de beleza que logo inmortalizaría en mármore case vivo. Abofé que os ociosos comentaban que Calos se comunicaba cos espíritos do arboredo, e que as súas estatuas non eran máis que imaxes dos faunos e as dríades coas que se relacionaba..., xa que xamais realizaba os seus traballos a partir de modelos vivos.

Tan famosos eran Calos e Musides que a ninguén lle estrañou que o tirano de Siracusa enviase emisarios para lles falar sobre a custosa estatua de Tycho que planeaba erixir na súa cidade. A devandita estatua había ser de gran tamaño e feitura inigualábel, xa que serviría de marabilla para as nacións e se convertería nunha meta para os viaxeiros. Honrado alén de todo o concibíbel resultaría aquel cuxo traballo fose elixido, e Calos e Musides estaban convidados a competir por tal distinción. O seu amor fraternal era dabondo coñecido e o astuto tirano

conxecturaba que, no canto de se ocultar as súas obras, habían prestarse axuda e consello mutuos. Por tanto, ese apoio produciría dúas imaxes de beleza inigualábel, cunha fermosura que eclipsaría mesmo os soños dos poetas.

Os escultores aceptaron, compracidos, a encarga do tirano, así que nos días seguintes os seus escravos puideron ouvir o constante picar dos ciceis. Calos e Musides non se ocultaron os seus traballos, aínda cando se reservaron a súa visión para eles os dous sós. Fóra dos seus, ningún ollo puido contemplar as dúas figuras divinas que liberaban con golpes expertos dos bloques en bruto que as gardaban desde os comezos do mundo.

De noite, como sempre, Musides frecuentaba os salóns de banquetes de Texea, mentres Calos roldaba senlleiro polo oliveiral. Mais, segundo pasaba o tempo, a xente reparou en certa falta de alegría no antes radiante Musides. Era estraño, comentaban entre si, que esa depresión fixese presa en quen tiña tantas posibilidades de acadar as honras artísticas máis elevadas. Moitos meses pasaron, mais no aspecto apagado de Musides non se vía outra cousa que unha forte tensión que seguramente estaría a provocar aquela situación.

Daquela Musides falou un día sobre a enfermidade de Calos, tras do cal ningún volveu abraiarse ante a súa tristura, xa que o amor entrambos os dous escultores era dabondo coñecido como algo fondo e sagrado. Entón moitos chegaron para visitar a Calos e advertiron a palidez do seu rostro, malia que nel había unha felicidade serena que facía a súa mirada máis máxica que a de Musides..., quen se achaba claramente absorto na ansiedade e que apartaba os escravos no seu interese por alimentar e coidar o amigo coas súas propias mans. Ocultas

tras pesadas cortinas estaban as dúas figuras inacabadas de Tycho, ultimamente apenas tocadas polo convalecente e o seu fiel enfermeiro.

Segundo ía a peor de xeito inexplicábel, máis e máis, malia as atencións dos perplexos médicos e as do seu inquebrantábel amigo, Calos pedía con frecuencia que o levasen ao tan amado arboredo. Alí pedíalles que o deixasen só, xa que desexaba conversar con seres invisíbeis. Musides accedía invariabelmente a tales desexos, aínda que con bágoas nos ollos ao pensar que Calos prestaba máis atención a faunos e dríades ca a el. Pasado un tempo, a fin estivo preto e Calos falaba de cousas do alén. Musides, con bágoas nos ollos, prometeulle un sepulcro aínda máis fermoso que a tumba de Mausolo, mais Calos pediulle que non falase máis sobre glorias de mármore. Só un desexo moraba no pensamento do moribundo: que unhas poliñas de certas oliveiras do arboredo fosen enterradas no interior da súa sepultura..., xunto á súa cabeza. E unha noite, sentado a soas na escuridade do oliveiral, Calos morreu.

Fermoso alén de calquera descrición resultaba o sepulcro de mármore que o aflixido Musides cicelou para o seu benamado amigo. Ninguén agás o propio Calos podería obrar baixorrelevos así, onde se amosaban as marabillas do Elíseo. Tampouco se esqueceu Musides de enterrar xunto á cabeza de Calos as pólas de oliveira do arboredo.

Cando as primeiras dores da pena foron cedendo ante a resignación, Musides traballou con dilixencia na súa figura de Tycho. Toda a honra era súa agora, xa que o tirano non quería outra obra que a súa ou a de Calos. O seu esforzo serviu para canalizar as súas emocións e traballaba máis duro cada día, privándose dos praceres dos que noutro tempo gozara. Entrementres, as súas tardes transcorrían xunto á tumba do seu amigo, onde unha oliveira nova agromara preto da cabeza do



xacente. Tan rápido foi o crecemento desta árbore e tan estraña a súa forma que todo o que a contemplaba comezaba a exclamar sorprendido, e Musides semellaba acharse a un tempo fascinado e repelido por ela.

Aos tres anos da morte de Calos, Musides enviou un mensaxeiro ao tirano e comentouse na ágora de Texea que a enorme estatua estaba rematada. Para entón, a árbore da tumba xa alcanzara proporcións abraiantes, moito máis grande que as que a rodeaban, e estricaba unha póla especialmente pesada sobre a estancia na que Musides traballaba. Naquel tempo moitos visitantes acudían a contemplar a árbore prodixiosa e a admirar a arte do escultor, polo que Musides case nunca se achaba a soas. Mais a el non lle importaba esa multitude de convidados. Porén, semellaba ter medo de ficar a soas agora que o seu absorbente traballo tocara á súa fin. O pouco alentador vento da montaña, que suspiraba a través do oliveiral e da árbore da tumba, lembraba dun xeito estraño sons medio articulados.

O ceo estaba escuro a tarde en que os emisarios do tirano chegaron a Texea. Era ben sabido que chegaban para se faceren cargo da grande imaxe de Tycho e para renderen honras imperecedoiras a Musides, polo que os proxenos lles deron un recibimento moi caloroso. Á noitiña desatouse unha violenta ventada sobre o cumio do Ménalo e os homes da afastada Siracusa sentíronse felices por poderen descansar a gusto na vila. Falaron sobre o seu ilustrado tirano e sobre o esplendor da súa cidade, deleitándose na gloria da estatua que Musides cicelara para el. E entón os homes de Texea falaron da bondade de Musides e da súa fonda pena polo seu amigo, así como de que nin mesmo os máis que seguros loureiros da gloria artística poderían consolalo da ausencia de Calos, que ben podería cinguilos no seu lugar. Tamén falaron sobre a árbore que medraba na tumba, xunto á cabeza de Calos. O vento ouveaba dun

xeito aínda máis aterrecedor e tanto os siracusanos como os arcadios elevaron as súas pregarías a Eolo.

Á luz do día, os proxenos guiaron os mensaxeiros do tirano costa arriba até a casa do escultor, mais o vento nocturno realizara estrañas fazañas. O balbordo dos escravos erguíase nunha escena de devastación e no oliveiral xa non se levantaban as resplandecentes columnatas daquel amplo salón onde Musides soñara e traballara. Senlleiros e estremecidos penaban os patios humildes e as tapias, xa que sobre o suntuoso peristilo maior se esborrallara a pesada póla que sobresaía da estraña árbore nova, que reducira dun xeito estrañamente completo aquel poema en mármore a unha morea de ruínas espantosas. Estranxeiros e texeanos ficaron abraiados, enxergando a catástrofe que causara a árbore sinistra, cuxo aspecto resultaba tan estrañamente humano e cuxas raíces alcanzaban de xeito tan peculiar o sepulcro esculpido de Calos. E o seu medo e desmaio aumentou ao procuraren entre o apousento derruído, xa que do nobre Musides e da súa imaxe de Tycho maravillosamente cicelada non puido acharse resto ningún. Entre aquelas extraordinarias ruínas non moraba outra cousa que o caos, e os representantes de ambas as cidades víronse decepcionados. Os siracusanos porque non tiveron estatua que levaren á casa, os texeanos porque carecían de artista ao que conceder os loureiros. No entanto, os siracusanos obtiveron unha espléndida estatua en Atenas e os texeanos consoláronse erixindo na ágora un templo de mármore que celebraba os talentos, as virtudes e o amor fraternal de Musides.

Mais o oliveiral aínda está aí, e tamén está a árbore que nace na tumba de Calos. O vello abelleiro contoume que ás veces as pólas murmuran entre si nas noites ventosas, dicíndose unha e outra vez: «Oidá! Oidá!»... Seino! Seino!



## DESDE O ALÉN

---

[*From Beyond* escribiuse en 1920 e publicouse no número de xuño de 1934 da revista *The Fantasy Fan*.]

---

**E**spantosa até límites inconcibíbeis foi a mudanza que tivo lugar en Crawford Tillinghast, o meu mellor amigo. Non o vira desde o día, dous meses e medio antes, en que me contou cara a onde se orientaban as súas investigacións físicas e matemáticas. Cando respondeu as miñas medorentas obxeccións botándome do seu laboratorio e da súa casa nunha arroutada de ira fanática, souben que de aí en diante permanecería a meirande parte do seu tempo fechado no laboratorio do ático, con aquela maldita máquina eléctrica, sen apenas comer e coa entrada restrinxida mesmo aos criados. Porén, non crin que un breve período de dez semanas puidese alterar dese xeito unha criatura humana. Non é agradábel ver un home rexo ficar fraco de súpeto, e menos aínda cando as bolsas da pel se lle tornan amareladas ou grises, se lle afunden os ollos, con bolsas e estrañamente relucentes, se lle engurra e se lle cobre de veas a fronte, e lle tremen e se lle crispan as mans. E se a iso lle engadimos unha noxenta falta de aseo, un absoluto

desleixo no vestir, unhas trobas negras que comezan a branquear polo raíz e unha barba branca ben cumprida nun rostro barbeado noutro tempo, o efecto xeral resulta arrepiante. Mais ese era o aspecto de Crawford Tillinghast a noite en que a súa mensaxe case incoherente me levou á súa porta, logo das miñas semanas de exilio. Ese foi o espectro que me abriu tremendo, cunha candeia na man, e que esculcou furtivamente por riba do ombreiro como se tivese medo dos seres invisíbeis da casa vella e solitaria, afastada da liña de edificios que formaban a rúa Benevolent.

Foi un erro que Crawford Tillinghast se dedicase ao estudo da ciencia e a filosofía. Estas materias deben deixarse para o investigador frío e impersoal, xa que ofrecen dúas alternativas igual de tráxicas para as persoas de sensibilidade e de acción: a desesperación, se fracasa nas súas investigacións, e o terror inexpresábel e inimaxinábel, se triunfa. Tillinghast fora unha vez vítima do fracaso, solitario e melancólico; mais agora comprendín, cun medo cheo de angustia, que era vítima do éxito. Efectivamente, advertírallo dez semanas atrás, cando me espetou a historia do que presentía que estaba a piques de descubrir. Daquela excitárase mentres falaba con voz aguda e afectada, malia que sempre pedante.

—Que sabemos nós —dixera— do mundo e do universo que nos rodea? Os nosos medios para o percibir son absurdamente escasos e a nosa idea dos obxectos que nos rodean, infinitamente estreita. Vemos as cousas só segundo a estrutura dos órganos con que as percibimos, e non podemos nin facer unha idea da súa natureza absoluta. Pretendemos abranguer un cosmos complexo e infindo con cinco sentidos febles, cando outros seres dotados dunha gama de sentidos máis ampla e forte, ou simplemente diferente, poderían non só ver de xeito moi distinto as

cousas que nós vemos, senón que poderían percibir e estudar mundos enteiros de materia, de enerxía e de vida que se achan ao alcance da man, aínda que son imperceptíbeis para os nosos sentidos actuais.

»Sempre estiven convencido de que eses mundos estraños e inaccesíbeis están moi preto de nós e agora coído que descubrín un medio de traspasar a barreira. Non me chanco. Dentro de vinte e catro horas, esa máquina que teño acaroadada á mesa vai xerar unhas ondas que actuarán sobre determinados órganos sensoriais cos que nós contamos, mais que se achan en estado rudimentario ou atrofiado. Esas ondas hannos abrir numerosas perspectivas que a humanidade descoñece, algunhas das cales son descoñecidas para todo o que consideramos vida orgánica. Veremos o que fai ouvear os cans polas noites, e endereitar as orellas aos gatos despois das doce. Habemos ver esas cousas, e outras que xamais viu até agora ningunha criatura. Habemos transpor o espazo, o tempo e as dimensións e, sen desprazamento corporal ningún, poderemos asexar no fondo da creación.

Cando ouvín a Tillinghast dicir estas cousas faleille de xeito reprobatorio, porque o coñecía dabondo como para me sentir asustado, máis que divertido. Pero era un fanático, así que me botou da súa casa. Agora non se amosaba menos fanático. Porén, o seu desexo de falar superou o seu resentimento, así que me escribiu en ton urxente, cunha letra que apenas podía recoñecer. Ao entrar na casa do meu amigo, tan subitamente transformado nunha gárgola trémula, sentínme contaxiado do terror que semellaba asexar en todas as sombras. As palabras e afirmacións que fixera dez semanas atrás semellaban facerse reais na escuridade que reinaba alén do círculo de luz da candeia e experimentei un arreguizo cando ouvín a voz cavernosa e alterada do meu anfitrión. Desexei ter preto os criados e non me gustou cando dixo que todos

liscaran había tres días. Era estraño que, cando menos, o vello Gregory deixase o seu señor sen llo comentar a un amigo fiel coma min. Fora el quen me tivera ao corrente sobre Tillinghast desde que me botara feito unha furia.

Con todo, non tardei en subordinar todos os temores á miña crecente curiosidade e fascinación. Non sabía exactamente que quería de min agora Crawford Tillinghast, mais non albergaba dúbidas de que tiña algún segredo ou descubrimento prodixioso do que me informar. Antes eu sempre censurara as súas incursións anormais no inconcibíbel. Agora que triunfara dalgún xeito, case compartía o seu estado de ánimo, aínda que era terríbel o prezo da vitoria. Seguino escaleiras arriba pola escuridade baleira da casa, tras da chama tremelucante da candeia que sostíña a man daquela parodia de ser humano. Polo visto, a electricidade estaba desconectada e, cando lle preguntei o motivo ao meu guía, dixo que era por unha razón concreta.

—Sería demasiado... Non me atrevería —continuou murmurando.

Reparei especialmente no seu novo hábito de murmurar, xa que non era propio del falar consigo mesmo. Entramos no laboratorio do ático e vin a aborrecíbel máquina eléctrica brillando cunha apagada e sinistra luminosidade violácea. Estaba conectada a unha potente batería química, mais non recibía corrente ningunha, porque lembraba que, na súa fase experimental, botaba chispas e zunía cando estaba en marcha. En resposta á miña pregunta, Tillinghast murmurou que aquel resplandor permanente non era eléctrico no sentido en que eu o entendía. A continuación sentoume preto da máquina, de xeito que ficaba á miña dereita, e conectou un conmutador que había debaixo dun enxame de lámpadas. Comezaron as habituais faíscas, logo fixéronse un rumor e finalmente un zunido tan tenue que daba a impresión de que

volvera ficar en silencio. Entrementres, o brillo aumentara, logo baixara outra volta, e máis tarde adquirira unha pálida e estraña coloración ou mestura de cores imposíbel de definir nin describir. Tillinghast estivera a me observar e notou a miña expresión desconcertada.

—Sabes o que é iso? —murmurou—. Raios ultravioleta! —riu de xeito estraño ante a miña sorpresa—. Ti crías que eran invisíbeis e abofé que o son, mais agora poden verse, igual que moitas outras cousas invisíbeis. Escoita! As ondas deste aparello están a espertar os mil sentidos adurmiñados que hai en nós, sentidos que herdamos durante os eóns de evolución que separan a era dos electróns inconexos da era da humanidade orgánica. Eu vin a verdade e propóñome ensinarcha. Gustaríache saber como é? Pois voucho dicir —aquí Tillinghast sentou fronte a min, apagou a candeia dun sopro e miroume en fite—. Os teus órganos sensoriais, coido que os ouvidos en primeiro lugar, han recibir moitas das impresións, xa que están intimamente conectados cos órganos durmidos. Despois irano facendo os demais. Ouviches falar da glándula pineal? Eses endocrinólogos superficiais danme gana de rir, compañeiros dos gaioleiros e dos freudianos acabados de chegar. Esa glándula é a principal dos órganos sensoriais..., foi a miña descuberta. Ao final é como a visión, que transmite imaxes visuais ao cerebro. Se es normal, ese é o xeito en que debes captalo case todo... Refírome a case todo o testemuño do alén.

Ollei o inmenso cuarto do ático coa súa parede sur inclinada, lixeiramente iluminada polos raios que os ollos normais non son quen de captar. As esquinas estaban bañadas en sombras e toda a estancia adquirira un aquel de irrealidade neboenta que esborrachaba a súa natureza e convidaba a imaxinación a voar e tecer fantasías. No tempo en que Tillinghast se mantivo en silencio, imaxineime no medio dun



templo enorme e incríbel de deuses desaparecidos había moito tempo; un edificio estraño con innumerábeis columnas de pedra negra que se elevaban desde un chan de laxas húmidas cara a unhas alturas brumosas que a vista non conseguía distinguir. A representación foi moi real durante un intre, mais aos poucos foi deixando lugar a unha idea máis terríbel: a dunha total e absoluta soidade no espazo infinito, onde non había visións nin sensacións sonoras. Era como un baleiro, máis nada, e sentín un medo infantil que me impulsou a tirar do peto o revólver que sempre levo comigo pola noite, desde aquela vez en que me asaltaron en East Providence. Despois, desde as rexións máis afastadas, o ruído foise tornando real moi aos poucos. Era moi feble, un pouco vibrante, musical alén de toda dúbida. Porén, estaba dotado dun frenesí tan incomparábel que sentín o seu impacto como se fose unha suave tortura por todo o meu corpo. Experimentei a sensación que adoita provocar a rabuñada fortuíta sobre un cristal esmerilado. Ao mesmo tempo notei algo así como unha corrente de ar frío que pasaba xunto a min, probabelmente cara ao lugar do que viña aquel ruído distante. Agardei co alento contido e reparei en que o ruído e o vento ían a máis e me producían a estraña sensación de me achar atado a uns raís polos que se achegaba unha locomotora enorme. Comecei a lle falar a Tillinghast e de socato todas estas impresións sen precedentes esvaecéronse. Volvín ver a persoa, as máquinas brillantes e a estancia ás escuras. Tillinghast sorriu dun xeito noxento ao reparar no revólver que eu tirara de xeito case inconsciente, mais pola súa face comprendín que vira e ouvira o mesmo ca min, se cadra máis. Conteille en voz baixa o que experimentara e pedíume que estivese o máis quieto e receptivo posíbel.

—Non te movas —advertíume—, porque con estes raios poden vernos, igual que nós a eles. Díxenche que os criados marcharon, mais

non che contei como. Foi culpa desa ama de chaves parva: acendeu as luces de abaixo, despois de lle advertir que non o fixese, entón os fíos captaron as vibracións simpáticas. Debeu de ser arrepiante. Puiden ouvir os berros desde aquí, malia que estaba pendente do que vía e ouvía na outra dirección. Máis tarde, fiquei frío cando descubrín moreas de roupa baleira por toda a casa. As roupas da señora Updike estaban no vestíbulo, xunto á chave da luz... Por iso souben que fora ela quen a acendera. No entanto, mentres non nos movamos, non habemos correr perigo. Lembra que nos enfrontamos cun mundo terríbel no que estamos practicamente desamparados... Non te movas!

O choque combinado da revelación e a súbita orde producíume unha especie de parálise e, naquel medo, a miña mente abriuse máis unha vez ás impresións que viñan do que Tillinghast chamaba «o alén». Achábame agora nun vórtice de ruído e movemento mesturados con confusas imaxes visuais. Dexergaba os contornos esvaídos do cuarto, mais desde algún punto do espazo semellaba abrollar unha columna de nubes afervoadas ou de formas imposíbeis de identificar que atravesaban o teito sólido por riba de min, á miña dereita. Despois volvíñ ter a impresión de me achar nun templo, mais desta volta os alicerces chegaban até un océano aéreo de luz do que descendía un raio cegador ao longo da columna neboenta que vira antes. Máis tarde a escena tornouse case calidoscópica por completo e, na mestura de imaxes, sons e impresións sensoriais imposíbeis de clasificar, sentín que estaba a piques de me disolver ou de perder dalgún xeito a forma sólida. Sempre hei lembrar unha visión cegadora e fugaz. Por un intre pareceume ver un anaco de ceo nocturno estraño zarrapicado de esferas brillantes que viraban sobre si mesmas, e mentres desaparecía vin que os soles resplandecentes compuñan unha constelación ou galaxia de

trazado ben definido. O devandito trazado correspondía ao rostro distorsionado de Crawford Tillinghast. Un momento despois sentín pasar uns seres enormes e animados, que unhas veces me rozaban e outras camiñaban ou se arrastraban sobre o meu corpo supostamente sólido, e pareceume que Tillinghast os observaba como se os seus sentidos mellor adestrados que os meus puidesen percibilos coa vista. Lembrei o que dixera da glándula pineal e pregunteime que estaría a ver con aquel ollo preternatural.

Decateime de socato de que eu tamén posuía unha especie de visión aumentada. Por riba do caos de luces e sombras formouse unha escena que, malia que esvaída, estaba dotada de solidez e estabilidade. Era en certo xeito familiar, xa que o inusitado se superpuña ao escenario terrestre habitual do mesmo xeito que unha proxección cinematográfica se forma sobre o pano pintado dun teatro. Vin o laboratorio do ático, a máquina eléctrica e a pouco agraciada figura de Tillinghast fronte a min. Porén, nin a máis pequena fracción de espazo que separaba todos aqueles obxectos familiares se achaba baleira, senón que un sen fin de formas imposíbeis de describir, vivas ou non, se mesturaban nunha confusión noxenta e, xunto a cada obxecto coñecido, movíanse mundos enteiros e entidades estrañas e descoñecidas. Do mesmo xeito, semellaba que os obxectos cotiáns entraban na composición doutros ignorados, e tamén ao contrario. Por riba de todo, entre as entidades vivas había monstruosidades xelatinosas do negro máis puro, que tremían brandas ao son das vibracións que emitía a máquina. Achábanse por todas as partes e, para maior arrepío, descubrín que se superpuñan, que eran medio fluídas e capaces de se penetraren unhas ás outras e de atravesaren o que coñecemos como corpos sólidos. Nunca estaban quietas, senón que semellaban moverse con algún propósito

maligno. Ás veces devorábanse unhas ás outras, de xeito que a que atacaba se guindaba sobre a vítima para a eliminar de socato da vista. Comprendín cun arreguizo que aquilo fora o que fixera desaparecer a malfadada servidume e xa non fun quen de apartar esas entidades do pensamento, mentres tentaba reparar en novos detalles deste mundo recentemente visíbel que temos arredor de nós. Mais Tillinghast estivérame a observar e falaba.

—Velos? Velos? Ves eses seres que aboian e voan ao teu redor e a través de ti, a cada pouco da túa vida? Ves as criaturas que poboan o que os seres humanos chaman o ar puro e o ceo azul? Non conseguín romper a barreira, non che mostrei mundos que ningunha persoa viva foi quen de enxergar? —ouvín que berraba a través do caos, e vin o seu rostro insultantemente preto do meu. Os seus ollos eran dous pozos de lume que me ollaban co que agora sei que era un odio infinito. A máquina zunía dun xeito aborrecíbel.

»Cres que foron eses seres que se contorsionan con torpeza os que acabaron cos criados? Parvo, eses son inofensivos! Mais os criados desapareceron, non si? Ti tentaches determe, desalentábasme cando precisaba até a máis pequena pinga de alento. Tiñas medo de te enfrontar á verdade cósmica, maldito covarde. Mais agora xa te teño nas miñas mans! Que foi o que aniquilou os criados? Que foi o que lles fixo dar aqueles berros? Non o sabes, verdade? Deseguido o saberás. Mírame! Escoita o que che vou dicir. Cres que son reais as nocións de espazo, de tempo e de magnitude? Supós que existen cousas tales como a forma e a materia? Eu dígoche que alcancei profundidades que o teu miúdo cerebro non é quen nin de imaxinar. Esculquei alén dos confíns do infinito e invoquei os diaños das estrelas... Cabalguei sobre as sombras que van de mundo en mundo sementando a morte e a tolemia... Son

dono do espazo, óuvesme? E agora hai entidades que andan na miña procura, seres que devoran e disolven, mais sei o xeito de as eludir. É a ti a quen han coller, igual que fixeron cos criados... Así que te revolves? Díxenche xa que é perigoso moverse. Salveite antes cando te advertín de que ficases sen mover un dedo para que puideses ver máis cousas e escoitar o que teño que dicir. Se te moveses, hai xa un bo anaco que estarían sobre ti. Non te preocupes, non fan dano. Como tampouco non llelo fixeron aos criados: foi velos o que os fixo oulear daquel xeito. Non che son agraciados os meus animais favoritos. Veñen dun lugar onde os canons de beleza son ben diferentes. A desintegración é totalmente indolora, asegúrocho, mais quero que os vexas. Eu estiven a piques de os ver, mais souben deter a visión. Non sentes curiosidade? Sempre souben que non eras un auténtico científico. Agora tremes, eh? Tremes de ansiedade por ver as últimas entidades que logrei descubrir. Por que non te moves, daquela? Estás canso? Ben, non te preocupes, meu amigo, porque xa veñen... Mira, mira, maldito! Mira... Aí, no teu ombreiro esquerdo.

O que me queda por contar é moi breve e quizais o saibades xa polas notas que apareceron nos xornais. A policía ouviu un disparo na casa de Tillinghast e atopounos alí aos dous: a Tillinghast morto e a min inconsciente. Detivéronme porque tiña o revólver na man, mais ceibáronme tres horas despois, cando descubriron que o que acabara coa vida de Tillinghast fora un ataque de apoplexía, e comprobaron que en realidade eu dirixira o disparo contra a abominábel máquina que agora xacía no chan do laboratorio feita un traste. Non dixen nada sobre o que vira, por temor a que o forense se amosase escéptico, mais, pola vaga explicación que lle dei, o doutor comentou que, sen dúbida, aquel demente homicida e vingativo me hipnotizara.

Gustaría de poder crelo. Os meus nervios feitos cachizas tranquilizariáanse se deixase de pensar o que penso sobre o ar e o ceo que teño por riba de min e ao meu redor. Xamais me sinto a soas nin a gusto e, ás veces, cando estou canso, teño a estarrecedora sensación de que me perseguen. O que me impide crer no que di o doutor é este simple feito: que a policía non atopou xamais os corpos dos criados que din que Crawford Tillinghast matou.



## O TEMPLO

---

[*The Temple* escribiuse en 1920 e publicouse no número de setembro de 1925 da revista *Weird Tales*.]

---

**E**u, Karl Heinrich Graf von Altberg-Ehrenstein, capitán de corveta da Armada Imperial Alemá e ao mando do submarino *U-29*, o día 20 de agosto de 1917, deposito esta botella e este informe no océano Atlántico, nunha situación que descoñezo, pero que probabelmente ande preto dos 20° de latitude norte e os 35° de lonxitude oeste, onde o meu buque se acha avariado no fondo do océano. Estou a realizar isto porque é o meu desexo dar á luz pública certos feitos insólitos, posto que o máis probábel é que non sobreviva para entregar en persoa estas novas, xa que as circunstancias en que me acho inmerso son igualmente ameazadoras e extraordinarias e inclúen non só a avaría fatal do *U-29*, senón mesmo o feito de que a miña férrea vontade xermánica fraquea dun xeito fóra do común.

Na tarde do 18 de xuño, tal e como comunicamos por radio ao *U-61*, que se dirixía a Kiel, torpedeamos o cargueiro británico *Victory*, que se dirixía de Nova York a Liverpool, en latitude 45° 1' norte e lonxitude 28°

34' oeste, logo de lle permitir á tripulación embarcar nos seus botes para obtermos unha boa filmación destinada aos arquivos do Almirantado. O barco afundiuse dun xeito bastante teatral, a pique pola proa, coa popa erguéndose sobre as augas até que todo o casco enfilou de xeito perpendicular ao fondo do mar. A nosa cámara non perdeu detalle, e dáme mágoa que unha película tan boa non poida chegar a Berlín. Despois afundimos a golpe de canón os botes salvavidas e volvemos mergullarnos.

Cando emerxemos, ao solpor, descubrimos o corpo dun mariño na cuberta, agarrado á varanda dun xeito ben curioso. O pobre home era novo, bastante moreno e ben parecido, seguramente grego ou italiano e, con case total seguridade, tripulante do *Victory*. Sen dúbida buscara refuxio na mesma nave que se vira forzada a destruír a súa... Unha vítima máis da inxusta guerra de agresión que os malditos cans ingleses levan a cabo contra a patria. A nosa tripulación rexistrouno na procura dalgún elemento identificativo e achou no seu peto unha peza de marfil ben estraña, tallada en forma dunha cabeza xuvenil coroada de loureiros. O outro comandante, o tenente Klenze, cría que se trataba dun obxecto moi antigo e de gran valor artístico, polo que se apropiou dela. O xeito en que chegara ás mans dun vulgar mariñeiro era algo que ningún dos dous podía imaxinar.

Cando guindamos o morto pola borda producíronse no lugar dous incidentes que perturbaron a tripulación dun xeito grave. Os homes fecháranlle os ollos mais, ao soltalo da varanda, estes abríronse, e moitos sufriron a estraña ilusión de que fitaban cun aquel de mofa a Schmidt e a Zimmer, que se achaban inclinados sobre o cadáver. O contramestre Müller, un home entrado en idade ao que lle iría mellor de non ser un alsaciano supersticioso, púxose tan nervioso pola impresión que ficou



ollando para o corpo na auga e xura que, logo de se mergullar un pouco, colocou os brazos na posición do nadador e impulsouse baixo as augas cara ao sur. Tanto a Klenze como a min amoláronnos aquelas mostras de ignorancia campesiña e reprendemos severamente a tripulación, especialmente a Müller.

Ao día seguinte produciuse un verdadeiro problema debido á indisposición de varios dos nosos. Era obvio que se viran afectados por algún tipo de tensión nerviosa provocada pola nosa longa viaxe e sufriran pesadelos. Varios deles semellaban aparvados e atordados. Logo de me asegurar de que ningún deles finxía a súa doenza, releveinos das súas funcións. O mar estaba bastante picado, así que baixamos a unha profundidade onde as ondas non resultasen un problema. Alí permanecemos nunha calma relativa, malia a aparición dalgunha corrente misteriosa con rumbo sur que non puidemos atopar nas nosas cartas. Os laios dos enfermos resultaban unha carga, mais, xa que non semellaban desmoralizar o resto da tripulación, non quixemos tomar medidas drásticas. Tiñamos a intención de permanecermos naquela posición e interceptarmos o buque de liña *Dacia*, tal e como dicía a información que recibiramos dos nosos axentes de Nova York.

Á primeira hora da tarde saímos á superficie e descubrimos o mar menos groso. O fume dun buque de guerra aboiaba no horizonte norte, mais a distancia á que nos achabamos e a nosa capacidade de inmersión mantíñannos a salvo. O que máis nos preocupaba eran os dixomedíxomes do contramestre Müller, que contra a noitiña xa se volveran auténticas tolemias. Achábase nun estado infantil, noxento, e farfallaba andrómenas sobre corpos mortos que aboiaban alén dos portelos; corpos que o fitaban e que el, malia o inchados que estaban, recoñecera por velos morrer durante algunha das nosas vitoriosas

fazañas xermánicas. E dicía que o seu xefe era o mozo que achamos e guindamos ao mar. Era algo de mal gusto e fóra do normal, así que puxemos grillóns a Müller e mandamos que lle desen uns bos lategazos. A tripulación non se amosou moi conforme con tal castigo, mais a disciplina é fundamental. Mesmo rexeitamos a petición dun comité encabezado polo mariñeiro Zimmer, que pedía que a estraña cabeza tallada en marfil fose guindada ao mar.

O 20 de xuño, os mariñeiros Bohm e Schmidt, que caeran enfermos o día anterior, tornáronse nuns loucos furiosos. Lamentei que non houbera ningún médico entre os nosos oficiais, xa que as vidas alemás sempre resultan preciosas, mais os constantes desvaríos de ambos os dous sobre unha terríbel maldición eran algo terriblemente daniño para a disciplina, así que tivemos que tomar unha decisión severa. A tripulación encaixou este feito dun xeito sombrizo, aínda que iso pareceu tranquilizar a Müller, que de aí en diante non volveu dar problemas. Ceibámolo pola tarde e volveu en silencio ás súas ocupacións.

Na semana seguinte estivemos todos moi nerviosos mentres agardabamos polo *Dacia*. A tensión medrou coa desaparición de Müller e Zimmer, que sen dúbida se suicidaron vítimas dos temores que semellaban atormentalos, malia que ninguén os viu no intre de saltaren ao mar. Eu sentíame relativamente contento por me librar de Müller, xa que mesmo o seu silencio afectara negativamente á tripulación. Todos andaban silandeiros, como se albergasen temores secretos. Moitos estaban enfermos, mais ningún toleara. O tenente Menze, crispado pola tensión, alterábase ante calquera minucia..., como, por exemplo, un banco de golfiños que roldaba en número cada vez maior arredor do U-

29, ou a crecente intensidade desa corrente sur que non aparecía en ningunha das nosas cartas.

Logo dun tempo fíxose evidente que o *Dacia* fuxira definitivamente das nosas mans. Avatares así non son raros e sentiámonos máis compracidos que defraudados, xa que agora tiñamos orde de volver a Wilhelmshaven. O mediodía do 28 de xuño arrumbamos ao nordés e, malia algún enredo bastante cómico con aquela masa de golfiños sen precedentes, puxémonos en marcha.

A explosión na sala de máquinas ás dúas da tarde colleunos completamente por sorpresa. Non se descubriu ningún defecto das máquinas nin neglixencia da tripulación. Porén, sen aviso previo, a nave sufriu unha sacudida de punta a punta por mor dunha explosión terríbel. O tenente Klenze abalanzouse cara á sala de máquinas para descubrir que o depósito de combustíbel e a meirande parte da maquinaria estaban esnaquizados, do mesmo xeito que os maquinistas Raabe e Schneider, que resultaron mortos no acto. Nun intre a nosa situación volveuse crítica, xa que aínda que os rexeneradores químicos estaban intactos, e malia que podíamos empregar os aparellos para emerxer e mergullarnos, e daquela abrir as escotillas mentres tivésemos ar comprimido e batería, viámonos incapacitados para nos propulsar ou pilotar o submarino. Buscar a salvación nos botes salvavidas significaba pórnos a nós mesmos en mans de inimigos irracionalmente resentidos contra a nosa gran nación alemá, e a nosa radio levaba fallando desde que nos puxeramos en contacto co outro *U-boot* da armada imperial por mor do asunto do *Victory*.

Desde a hora do accidente até o 2 de xullo derivamos constantemente cara ao sur, sen facermos plan ningún nin atoparmos nave ningunha. Os golfiños aínda rodeaban o *U-29*, unha circunstancia

que se debe facer notar tendo en conta a distancia que percorríamos. Na mañá do 2 de xullo avistamos un buque de guerra que enarboraba cores estadounidenses e os homes remexéronse desexosos de se render. Ao final, o tenente Klenze tivo que usar a súa arma contra un mariñeiro chamado Traube, que incitaba a tal acto antixermánico con especial intensidade. Iso tranquilizou de momento a tripulación e daquela volvemos mergullarnos sen sermos vistos.

Durante a tarde seguinte, unha gran bandada de aves mariñas chegou desde o sur e o mar comezou a se tornar ameazador. Fechamos as escotillas e agardamos polos acontecementos, até que comprendemos que debíamos mergullarnos ou perecer entre as ondas como montañas. A electricidade e o ar comprimido ían a menos, e intentabamos evitar calquera uso innecesario dos nosos escasos recursos mecánicos, mais neste caso non quedou outra. Non baixamos demasiado, e cando o mar acougou horas máis tarde, decidimos retornar á superficie. Alí, no entanto, xurdiu un novo problema, xa que a nave non respondeu aos mandos, malia todos os esforzos dos mecánicos. Segundo o pánico se estendía entre a tripulación atrapada nesa prisión submarina, algúns comezaron a murmurar contra a imaxe de marfil do tenente Klenze, mais a visión dunha pistola automática acougounos. Tivémolos ocupados como puidemos, así que os mandamos fedellar entre a maquinaria, aínda que ben sabíamos que todo era inútil.

Klenze e mais eu adoitabamos facer quendas para durmirmos e durante o meu período de sono, sobre as cinco da mañá do 4 de xullo, estoupou o motín. Os seis malditos porcos que sobreviviran, sospeitando que estábamos perdidos, estouparon de socato nunha furia maníaca, motivada polo noso rexeitamento a nos render dous días antes ao buque de guerra ianqui, e caeron nun delirio de insultos e

destrución. Ruxían como os animais que eran e esnaquizaban indiscriminadamente mobiliario e instrumental, ouleando parvadas tales como a maldición da imaxe de marfil e o mozo moreno morto que nos fitaba mentres se afastaba nadando. O tenente Klenze semellaba paralizado e incapaz de dar resposta, cousa que cabería agardar dun renano brando e miñaxoia. Matei os seis homes, pois foi preciso, e asegureime de que non sobrevivise ningún.

Guindamos os corpos polas escotillas dobres e ficamos a soas no U-29. Klenze semellaba moi nervioso e bebía de máis. Eu estaba disposto a seguir con vida tanto como fose posíbel, coa axuda do xeneroso depósito de provisións e o fornecemento químico de osíxeno, que non sufriran das arroutadas daqueles malditos porcos. Os nosos compases, barómetros e outros instrumentos de precisión estaban destruídos, polo que de aí en diante calquera cálculo sería só estimado, baseado nos nosos cronómetros, almanaques e na deriva estimada a xulgar por algúns obxectos que podíamos albiscar a través das troneiras ou desde a torreta. Por fortuna, tiñamos baterías cargadas capaces aínda dun uso prolongado, tanto para a iluminación interior como para o emprego do foco. A miúdo faciamos varridos con el arredor do buque, mais só viamos golfiños que nadaban paralelos ao noso propio rumbo de deriva. Eu sentíame interesado desde o punto de vista científico naqueles animais, xa que, aínda que o *Delphinus delphis* común é un cetáceo incapaz de sobrevivir sen ar, estudei durante preto de dúas horas unha daquelas criaturas e non a vin abandonar en ningún momento a súa inmersión.

Co tempo, Klenze e mais eu chegamos á conclusión de que seguíamos derivando cara ao sur, mergullándonos máis e máis. Mentres reparabamos na fauna e flora mariñas, iamos lendo moito sobre ela nos

libros que levara comigo para os momentos de lecer. Non puiden evitar observar, no entanto, a escasa preparación científica do meu compañeiro. O seu intelecto non era prusiano, senón dado a fantasías e especulacións sen valor. A inminencia da nosa morte afectáballe dun xeito particular e con frecuencia falaba, arrepentido, sobre os homes, mulleres e nenos que enviara ao fondo, esquecendo que todo iso resulta nobre para alguén que serve o Estado Alemán. Pasado un tempo comezou a desvariar, mentres observaba durante horas a súa imaxe de marfil e tecía fantásticas historias sobre cousas perdidas e esquecidas baixo o mar. Ás veces, como se fose un experimento psicolóxico, alimentaba os seus desvaríos para escoitar as súas interminábeis citas poéticas e relatos sobre barcos afundidos. Sentíao moito, xa que aborrezco ver sufrir un alemán, mais non resultaba unha boa compañía para morrer. Pola miña banda, sentíame orgulloso, sabedor de que a patria honraría a miña memoria e que os meus fillos serían educados para seren persoas coma min.

O 9 de agosto albiscamos o chan do océano e, co foco, lanzamos sobre el un potente raio. Tratábase dunha vasta planicie ondulante, cuberta na súa meirande parte de algas e zarrapicada polas cunchas de pequenos moluscos. Aquí e acolá había obxectos lamacentos de formas inquietantes, coroados de algas e incrustados de percebes, que Klenze supuxo antigos buques afundidos. Algo fixo que se alterase: un pico sólido que sobresaía do leito do océano a un metro, con arredor de medio metro de largura, lados planos e suaves superficies superiores que converxían nun ángulo sumamente obtuso. Eu dixen que aquel pico debía de se tratar dun afloramento rochoso, mais Klenze cría ver relevos na súa superficie. Logo dun intre comezou a tremer e apartou a vista como se tivese medo, malia que sen dar outra explicación alén de que se

sentía aterrecido ante as dimensións, escuridade, distancia, antigüidade e misterio dos abismos oceánicos. O seu cerebro estaba fatigado, pero eu, sempre alemán, non tardei en reparar en dúas cousas. Unha foi que o *U-29* aturaba a presión oceánica dun xeito admirábel e outra que os estraños golfiños seguían ao noso redor, mesmo a unha profundidade onde a meirande parte dos naturalistas consideran imposíbel a vida para organismos superiores. Semellaba evidente que eu sobreestimara a nosa profundidade, mais así e todo estabamos abaixo dabondo como para que aquel fenómeno resultase notábel. A nosa velocidade de deriva cara ao sur, segundo a medía polo chan do océano, era máis ou menos a que estimara a partir dos organismos cos que nos cruzamos en niveis superiores. Ás tres e cuarto da tarde do 12 de agosto, o pobre Klenze volveuse completamente tolo. Estivera na torreta usando o proxector, antes de se precipitar na biblioteca, onde eu estaba a ler, e o seu rostro traizoouno no mesmo intre.

—El está a nos chamar! Está a nos chamar! Podo ouvílo! Temos que acudir! —mentres falaba colleu da mesa a imaxe de marfil, meteuna no peto e agarrou o meu brazo nun intento por me arrastrar escaleiras arriba até a cuberta. Nun momento comprendín que pretendía abrir a escotilla e lanzarse na miña compañía ao exterior, unha extravagancia suicida e asasina para a que eu non estaba preparado. Cando retrocedín e fixen por que acougase, tornouse aínda máis violento.

—Vamos agora... Non debemos agardar máis. É mellor arrepentirse e acadar o perdón que desafiar e ser condenado.

Daquela foi cando abandonei o intento por o acougar e o acusei abertamente de estar tolo..., completamente chalado. Mais el mantívose no seu sitio mentres berraba:

—Se estou tolo, estou de sorte! Que os deuses se apiaden da persoa que na súa contumacia permaneza corda até a fin! Ven e tolea agora, que el aínda nos chama con benevolencia!

Aquela arroutada semellou aliviar unha presión na súa mente, xa que ao rematar acougou un pouco e pediume que o deixase ir só en caso de non querer acompañalo. A miña obriga resultaba clara. Era un alemán, mais só un renano e un plebeo, e agora convertérase nun tolo potencialmente perigoso. Se accedía á súa petición suicida veríame ceibo no acto de alguén que resultaba máis unha ameaza que unha compañía. Pedinlle que me entregase a imaxe de marfil antes de marchar, mais aquela petición espertou nel unha risada tan desatada que non me atrevín a insistir. Daquela pregunteille se desexaba deixar algunha lembranza ou un guecho de cabelo para a súa familia en Alemaña, por se se daba o caso de que eu fose rescatado, mais outra volta estoupou nesa estraña risa. Así que, mentres el subía a escada, eu dirixinme aos mandos e, logo de agardar o pertinente intervalo, accionei a maquinaria que o enviou á morte. Logo de me asegurar de que non se achaba a bordo, dirixín o foco arredor tentando botarlle unha derradeira ollada, xa que desexaba comprobar se a presión da auga o esmagara, tal e como teoricamente debe acontecer, ou se polo contrario o corpo non se vira afectado, tal e como acontecía con aqueles extraordinarios golfiños. Porén, non logrei localizar o meu finado compañeiro, xa que os golfiños se amoreaban en gran número arredor da torreta.

Esa tarde lamentei non coller sen que se decatase a imaxe de marfil do peto do coitado de Klenze no momento en que marchara, xa que a súa lembranza me tiña fascinado. Aínda cando non son de temperamento artístico, non podía esquecer a cabeza fermosa, xuvenil, coa súa coroa de follas. Sentía bastante non ter con quen conversar.



Klenze, malia non se achar á miña altura intelectual, era moito mellor que nada. Aquela noite non durmín ben, e preguntábame cando chegaría exactamente a fin. Abofé que tiña moi poucas posibilidades de ser rescatado.

No día seguinte subín á torreta e comecei a observación habitual co foco. Cara ao norte o panorama era semellante ao dos catro días que tardamos en alcanzar o fondo, mais reparei en que a deriva do U-29 resultaba menos rápida. Segundo paseaba o raio polo sur, advertín que o solo oceánico a proa tomaba un pronunciado declive e nalgúns puntos aparecían bloques de pedra curiosamente regulares, dispostos como se respondesen a algunha planificación. A nave non baixaba paralela ao fondo oceánico, polo que me vin obrigado a axustar o foco para lograr un feixe o máis estreito posíbel. Por mor do rápido que fixen a mudanza, un cable desconectouse, o que me obrigou a unha pausa de varios minutos mentres o reparaba; mais á fin a luz proxectouse e alagou o val mariño que tiña debaixo.

Non son dado a emocións de ningunha especie, mais o meu abraio foi maiúsculo ao contemplar o que revelara a luz eléctrica. E, con todo, malia estar criado coa mellor *kultur* prusiana, non debín abraiarme, xa que a xeoloxía e a tradición falan sobre tremendas conmocións en áreas oceánicas e continentais. O que eu vin resultaba unha extensa e elaborada panorámica de edificios en ruínas, todos construídos nunha arquitectura magnífica aínda que imposíbel de clasificar, que se achaba en moi diferentes estados de conservación. A meirande parte semellaba de mármore, que escintilaba esbrancuxado baixo os raios do proxector, e o plano xeral resultaba o dunha enorme cidade ao fondo dun val estreito, cun gran número de templos e barrios esparexidos polas abas escarpadas. Os tellados estaban caídos e as columnas crebadas, mais

aínda conservaban un aquel de esplendor incontabelmente antigo, que nada podía ensombrecer.

Enfrontado á fin con esa Atlántida que eu antes consideraba un completo mito, agora era o máis ávido dos exploradores. Algunha vez houbera un río no fondo do val, xa que, mentres examinaba o lugar máis amodo, puíden ver restos de pontes e diques de pedra e mármore, así como terrazas e terrapléns que unha vez foran verdes e alegres. No meu entusiasmo volvinme case tan parvo como o pobre Klenze e tardei un intre en reparar en que a corrente de rumbo sur parara á fin, o que permitía ao *U-29* baixar lentamente sobre a cidade submarina, tal e como un aeroplano descende sobre unha cidade nas terras emerxidas. Tamén tardei en me decatarse de que o banco de insólitos golfiños desaparecera.

Nun par de horas a nave foi descansar sobre unha praza lastrada preto da parede rochosa do val. Ao carón podía ver toda a cidade, que descendía desde a praza á antiga beira do río. Máis alá, nunha estarrecedora proximidade, descubrín a fachada ricamente ornamentada e en perfecto estado de conservación dun grande edificio, sen dúbida un templo escavado en rocha viva. Só podo conxecturar sobre a factura orixinaria desa construción titánica. A fachada, de dimensións extraordinarias, cubría polo visto un amplo espazo oco, xa que contaba con moitísimas xanelas, dispostas por todos os lados. No centro bocexaba un gran pórtico, ao que se accedía mediante unha escalinata imponente, e estaba rodeado por baixorrelevos marabillosos, semellantes a escenas de bacanais en relevo. Ante eles achábanse grandes columnas e frisos, decorados con esculturas de beleza alén do que se pode explicar, e que representaban idílicas escenas pastorais e procesións de sacerdotes e sacerdotisas que levaban estraños obxectos

cerimoniais en honra dun deus radiante. A arte era da máis abraiante perfección, con concepcións enchoupadas de helenismo, aínda que particulares ao seu xeito. Irradiaba unha sensación de antigüidade terríbel, como se se tratase do máis remoto e non do máis próximo antecesor da arte grega. Non teño ningunha dúbida de que cada detalle daquel edificio xigantesco fora labrado na rocha viva do noso planeta na aba dun monte. Evidentemente formaba parte da muralla do val, aínda que non alcanzo a comprender como puido ser baleirado o inmenso interior. Quizais o seu núcleo estivese formado por unha caverna ou por unha serie delas. Nin a idade nin o seu estado mergullado corroeran a prístina beleza deste estarrecedor templo, xa que dun templo debía de se tratar, que hoxe, logo de miles de anos, repousa con todo o seu lustre e inviolado na noite e o silencio sen fin do abismo oceánico.

Non podo precisar o número de horas que empreguei na observación da cidade mergullada cos seus edificios, arcos, estatuas e pontes, e o templo colosal inzado de fermosura e misterio. Aínda que era sabedor de que a morte estaba próxima, consumíame a curiosidade, e paseaba dun lado ao outro o raio do proxector nunha procura febril. O feixe de luz permitíame chegar a coñecer moitos detalles, mais non puido amosarme nada alén da porta de entrada ao templo aberto na rocha, e pasado un tempo cortei a electricidade, sabedor de que precisaba aforrar enerxía. Os raios resultaban agora claramente máis febles do que foran durante as semanas á deriva. O meu desexo de explorar os misterios acuáticos ía en aumento, como encirrado pola inminente morte da luz. Eu, un alemán, debía ser o primeiro en penetrar naqueles camiños esquecidos polo tempo!

Extraín e revisei un escafandro de profundidade, construído en metal articulado, e probei a luz portátil e o rexenerador de ar. Aínda que

resultaría problemático manipular a soas as escotillas dobres, críame capaz de superar calquera obstáculo grazas á miña capacidade científica, e camiñar realmente en persoa pola cidade morta.

O 16 de agosto realicei unha saída do *U-29* e abrinme paso con dificultade a través das rúas cheas de ruínas e lama cara ao antigo río. Non descubrín esqueletos nin restos humanos, mais recollín un tesouro de saber arqueolóxico en forma de esculturas e moedas. De todo isto non podo falar agora, agás para proclamar o meu temor ante unha cultura que se achaba no cumio da gloria cando os cavernícolas vagaban por Europa e o Nilo corría inexplorado cara ao mar. Outros, da man deste manuscrito, se finalmente chega ser atopado, poderán desvelar misterios que eu só alcanzo a albiscar. Volvín á nave cando as miñas baterías eléctricas comezaron a fraquear, disposto a explorar o templo de pedra no día seguinte. O 17, cando o meu impulso de penetrar no misterio do templo se facía máis e máis forte, sufrín unha enorme decepción, xa que descubrín que os materiais que precisaba para recargar a luz portátil resultaran destruídos durante o motín daqueles porcos en xullo. A miña indignación non coñeceu límites, malia que a miña sensatez alemá me previña de me internar sen medios nun interior completamente ás escuras que podía resultar o tobo de calquera monstro mariño indicíbel ou un labirinto de corredores de entre cuxos recunchos nunca lograría saír. Todo canto podía facer era volver o trémulo foco do *U-29* e á súa luz subir os banzos do templo e estudar as tallas exteriores. O feixe de luz entraba pola porta en ángulo ascendente, e eu esculquei agardando albiscar algo, mais todo foi en balde. Nin sequera o teito era visíbel, e aínda que subín un banzo ou dous cara ao interior logo de tentear o chan cun caxato, non me atrevín a continuar. Ademais, pola primeira vez na miña vida experimentei esa emoción

chamada medo. Comecei a comprender como se desataran algúns dos estados de ánimo do coitado Klenze, xa que, mentres o templo semellaba reclamarme máis e máis, comecei a temer os seus abismos alagados de auga cun crecente terror cego. De volta ao submarino, apaguei as luces e sentei a meditar na escuridade. Debía aforrar agora a electricidade para as emerxencias.

O sábado 18 paseino en total escuridade, atormentado por pensamentos e recordos que ameazaban con vencer a miña vontade xermánica. Klenze volvérase tolo e morrera antes de alcanzar ese sinistro resto dun pasado inconcibibelmente remoto, e urxírame a marchar con el. Acaso o destino decidira conservar a miña razón só para me arrastrar sen posibilidade de resistencia a unha fin máis temíbel e inconcibíbel do que calquera ser humano puidese soñar? Estaba claro que os meus nervios estaban sometidos a unha gran tensión, e eu debía librarme deses medos propios dunha persoa máis feble.

Non puider durmir durante a noite do sábado e acendín as luces sen pensar no porvir. Resultaba deplorábel que a electricidade non fose durar tanto como o ar e as provisións. Retomei as miñas ideas de suicidio e revisei a pistola automática. Contra a mañá debín de ficar durmido coas luces acesas, xa que cando acordei onte na escuridade foi para me atopar coas baterías esgotadas. Acendín varios mistos, un tras outro, e lamentei, desesperado, a imprevisión que me levara a malgastar as poucas candeas que levabamos no buque. Logo de se apagar a última candea que me atrevín a gastar, sentei completamente inmóbil, sen luces. Mentres reflexionaba sobre a fin que non podía evitar, a miña cabeza volvía aos acontecementos previos, polo que caín en algo que até o momento non advertira e que faría tremer a calquera persoa máis feble e supersticiosa. A cabeza do deus radiante das esculturas do templo de

pedra é a mesma que a da peza tallada en marfil que tiña o mariñeiro que recolleramos do mar e que o pobre Klenze levará de volta consigo ao mar.

Sentíame un pouco desconcertado ante aquela coincidencia, mais non arrepiado. Só un pensador de inferior categoría se apresura a explicar o singular e o complicado a través do primitivo atallo do sobrenatural. A coincidencia resultaba estraña, mais eu estaba demasiado afeito ao raciocinio como para conectar circunstancias que non admitían un nexo lóxico, ou asociar dalgunha extraordinaria maneira os desastrosos acontecementos que me arrastraran desde o asunto do *Victory* ao meu estado actual. Como me sentía necesitado de sono, tomei un sedante e asegureime de durmir algo máis. O meu estado nervioso ficou de manifesto nos meus soños, xa que crin escoitar berros de xente a afogar e ver rostros mortos apertados contra as troneiras da nave. E entre eses rostros mortos atopábase o aspecto vivo, burlón, do mozo da imaxe de marfil.

Debo revisar as anotacións que fun facendo ao longo do día, xa que estou trastornado e debe de haber unha gran cantidade de alucinacións mesturadas cos feitos reais. O meu caso resulta extremadamente interesante desde o punto de vista psicolóxico, polo que lamento que non me poida someter a observación algunha autoridade alemá competente. Ao abrir os ollos, a miña primeira sensación foi a dun desexo irresistible de visitar o templo de pedra, unha ansia que medraba a cada pouco, malia que automaticamente eu loitaba por me resistir coa axuda dos medos que exercían forza na contra. Logo tiven a sensación de que a luz fendía a escuridade causada polas baterías consumidas, e crin ver unha especie de resplandor fosforescente na auga a través do portelo que se abría cara ao templo. Iso espertou a miña curiosidade, xa

que non sabía de ningún ser abisal capaz de emitir unha luminescencia como aquela. Mais antes de poder investigar chegoume unha terceira impresión que, por mor da súa irracionalidade, está a me provocar serias dúbidas sobre a obxectividade de calquera cousa que poidan captar os meus sentidos. Era unha ilusión aural, unha sensación de sons rítmicos e melodiosos, como unha especie de cántico ou himno coral salvaxe, malia que fermoso. Convencido da miña aberración psicolóxica e nerviosa, acendín algúns mistos e tomei unha enorme cantidade de solución de bromuro sódico, que semellou acougar-me até o punto de que esvaeceu a ilusión de son. Mais a fosforescencia mantíñase e tiven dificultades para conter o impulso pueril de me achegar ao portelo e buscar a súa fonte. Resultaba terriblemente real e axiña puíden descubrir coa súa axuda os obxectos familiares que me rodeaban, así como o vaso baleiro do bromuro sódico, do que non tiña nin previa impresión visual nin idea sobre a súa posición actual. Esta última cuestión fíxome pensar, así que crucei a estancia para tocar o vaso. Achábase no lugar onde me parecera velo. Agora xa sabía que a luz era real dabondo, ou parte dunha alucinación tan firme e persistente que non podía agardar que se esvaecese, así que abandonei calquera dúbida e subín á torreta para ir na procura da fonte da luminescencia. Sería quizais outro *U-boot* que me daba unha posibilidade de rescate?

É comprensíbel que o lector non acepte nada de canto segue aquí como verdade obxectiva, xa que os feitos supoñen unha violación das leis naturais, e por forza deben ser creacións subxectivas e irreais da miña mente trastornada. Cando cheguei á torreta, descubrín que o mar estaba nun estado moi afastado da luminosidade que eu agardaba ver. Non había fosforescencia animal nin vexetal nas proximidades, e a cidade, que baixaba até o río, resultaba invisíbel na escuridade. O que

vin non era espectacular nin grotesco, tampouco terrorífico, mais fixo que se esvaece o último vestixio de confianza no meu propio raciocinio, xa que a porta do templo submarino aberto no outeiro de rocha víase brillantemente iluminada cun resplandor tremeluciente, como se houbera unha gran chama cerimonial acesa nas súas profundidades.

Os acontecementos posteriores resultan caóticos. Mentres enxergaba as portas e xanelas tan fantásticamente iluminadas, comecei a sufrir as máis extravagantes visións..., visións tan estrañas que non me atrevo aínda nin a as consignar. Crin distinguir obxectos no templo, algúns estáticos e outros que se movían, e pareceume escoitar outra volta o cántico irreal que aboiaba ao meu redor cando acordara. E, por riba de todo, erguíanse pensamentos e imaxes centrados no mozo do mar e a imaxe de marfil cuxa talla aparecía nos frisos e columnas do templo que tiña ante os ollos. Pensei no coitado Klenze e pregunteime se o seu corpo descansaría coa imaxe que levara ao mar. El xa me previñera contra algo e eu non lle prestara atención, xa que era un renano pailán que enlouquecía ante problemas que un prusiano era quen de afrontar sen dificultade.

O resto é moi sinxelo. O meu impulso de saír para me internar no templo converteuse agora nunha orde imperiosa e inexplicábel que xa non son quen de desobedecer. A miña propia vontade xermánica xa non abonda para controlar os meus actos e a miña capacidade de elección, de aquí en diante, só servirá para cuestións menores. Tal tolemia é a que conduciu a Kenze á morte, acudindo a cabeza descuberta e sen protección ao océano, mais eu son un prusiano e unha persoa cabal, polo que hei empregar até a fin a pouca vontade que me resta. Ao comprender que debía marchar, preparei o escafandro, o casco e o



rexenerador de osíxeno para o empregar no momento, e comecei a escribir esta crónica apurada coa esperanza de que algún día poida chegar ao mundo. Hei gardar o manuscrito nunha botella para a confiar ao mar ao abandonar para sempre o *U-29*.

Non teño medo de nada, nin sequera das profecías do enlouquecido Klenze. O que vin non pode ser real e sei que este trastorno da miña propia vontade só pode levarme á morte por asfixia unha vez que se me esgote o ar. A luz do templo é só unha ilusión e eu vou morrer con tranquilidade, como un alemán, nas profundidades escuras e esquecidas. Esa risa demoníaca que escoito mentres escribo procede só do meu propio cerebro debilitado. Así que vou vestir o escafandro con moita meticulosidade para ascender, resolto, os banzos que conducen a ese santuario primixenio, ese silencioso enigma de augas nunca sondadas e anos esquecidos.



## NYARLATHOTEP

---

[*Nyarlathotep* escribiuse en 1920 e publicouse no número de novembro de 1920 da revista *The United Amateur*.]

---

**N** yarlathotep..., o caos que se arrastra... Eu son o derradeiro... Heillo contar a quen teña tempo de o ouvir.

Non lembro claramente cando comezou todo, mais foi hai meses. A tensión xeral era horríbel. A unha tempada de trastornos políticos e sociais engadiuse unha estraña e triste premonición dun perigo físico horrendo, un perigo global que o había abranguer todo, un perigo como só pode imaxinarse nos máis terríbeis fantasmas da noite. Lembro que a xente ía e viña demudada e preocupada, e murmuraba advertencias e profecías que ninguén se atrevía a repetir conscientemente nin a recoñecer en silencio que xa ouviran. Un sentimento monstruoso de culpa deixábase sentir sobre o país, e nos abismos que hai entre as estrelas sopraban frías correntes que facían arreguizar os homes en lugares escuros. Producírase unha mudanza endiañada no avanzar das estacións: a calor do outono estendérase dun xeito aterrecedor e todo o mundo sentía que o mundo e se cadra o

universo enteiro pasara do control das divindades ou poderes coñecidos ao de outras divindades e poderes descoñecidos.

Foi entón cando Nyarlathotep chegou do Exipto. Ninguén poidía dicir quen era, mais levaba sangue antigo e semellábase a un faraón. Os fellahin axeonllábanse cando o vían e así e todo non sabían dicir por que. Decía que se levantara logo dun longo soño escuro de vinte e sete séculos e que ouvira mensaxes de lugares que non están neste planeta. E así chegou Nyarlathotep ás terras civilizadas, moreno, delgado e sinistro, sempre mercando estraños instrumentos de vidro e de metal e combinándoos para crear instrumentos máis estraños aínda. Falaba moito das ciencias: de electricidade e psicoloxía, e realizaba exhibicións de poder coas que os seus espectadores ficaban sen fala, mais que aumentaron a súa sona dun xeito inmenso. As persoas aconsellábanse entre elas iren ver a Nyarlathotep e a un tempo sentían arrenguizos. E onde ía Nyarlathotep o repouso desaparecía, porque as horas da madrugada aparecían fendidas cos berros dos pesadelos. Nunca antes os berros dos pesadelos foran un problema público, mais agora a xente sabia case desexaba prohibir o soño na madrugada, para que os ouleos das cidades inquietasen dun xeito menos horrendo a pálida lúa, que brillaba con luz tenue e tremeluciente sobre as augas averdadas que fluían baixo as pontes, e sobre os vellos campanarios que se erguían medio esborrallados contra un ceo enfermizo.

Lembro cando Nyarlathotep veu á miña cidade, a grande, a antiga, a terríbel cidade dos crimes incontábeis. O meu amigo díxome que eran horríbeis e impresionantes, alén das miñas imaxinacións máis febrís, que foran proxectadas nunha pantalla nun cuarto ás escuras, cousas que non profetizara ninguén agás Nyarlathotep. Alí, no tremelucir das imaxes, quitáronlle á xente o que nunca lle quitaran antes, e

amosáronse cousas que os seus ollos nunca viran; e ouvín dicir que no estranxeiro murmuraban que os que coñecían a Nyarlathotep vían cousas que os outros non vían.

Foi naquel outono quente cando pasei unha noite co xentío inquieto para ver a Nyarlathotep toda unha noite de intensa calor, alá arriba das escaleiras interminábeis que levaban á estancia sufocante. E coas súas sombras proxectadas sobre unha pantalla vin formas encarrapuchadas entre ruínas, e rostros amarelados e malignos que asexaban desde detrás de monumentos caídos. E vin o mundo batallando contra a escuridade, contra as ondas de destrución que viñan do espazo infinito e se arremuiñaban, axitándose e forcexando arredor dun sol que se apagaba e se arrefriaba. Daquela, as faíscas saltaron dun xeito abraiante arredor das cabezas dos espectadores, e os cabelos puxéronse de punta, mentres que as sombras máis grotescas que eu poida mencionar saíron e pousáronse sobre as cabezas. E cando eu, que era máis frío e científico que o resto, murmurei unha protesta falando de «impostura» e de «electricidade estática», Nyarlathotep botounos a todos fóra, por aquelas escaleiras vertixinosas abaixo, cara ás húmidas, cálidas e solitarias rúas da media noite. Eu berrei ben forte, dicindo que non tiña medo, que nunca podería ter medo, e outros berraron tamén comigo para se aliviaren. Xurámonos uns a outros que a cidade era exactamente a mesma, e que seguía viva; e cando as luces eléctricas comezaron a morrer, maldicimos a compañía unha e outra vez, e rimos pola expresión tan estraña que puñamos.

Penso que sentín que algo descendía da lúa averdada, porque cando comezamos a depender da súa luz, de xeito involuntario, formamos en cadro e emprendemos unha marcha, como se soubésemos os nosos destinos aínda que non nos atrevésemos a pensar neles. Nunha

ocasión miramos o lastrado e vimos que as laxas estaban soltas, desprazadas pola herba, con apenas algún raíl de metal enferruxado que indicase por onde correran os tranvías. E outra volta vimos un tranvía solitario, sen xanelas, estragado, case envorcado.

Cando miramos para o horizonte, non puidemos ver a terceira torre que había xunto ao río e observamos que a silueta da segunda torre estaba esnaquizada na parte superior. Logo dividímonos en estreitas columnas, cada unha das cales se dirixiu nunha dirección distinta. Unha desapareceu nunha quela solitaria cara á esquerda, deixando só o eco dun laio afogado. Outra baixou por unha entrada do metro case tapada pola herba alta, ouleando cunha risada de tolemia. A miña propia columna dirixiuse a campo aberto, e daquela sentín un calafrío que non era propio do outono quente, porque cando chegamos con paso furtivo ao escuro páramo vimos que nos rodeaba un luar infernal de neves malignas, neves sen sendas, inexplicábeis, varridas a ambos os dous lados nun carreiro que ía nunha soa dirección, onde se albiscaba un bulebule completamente negro. A nosa estreita columna avanzou pausada e penosamente, case dun xeito somnolento, cara a aquel bulebule.

Eu quedei atrás, porque a fenda negra na neve iluminada de verde era horríbel, e pareceume ouvir os ecos dun laio inquietante a medida que os meus compañeiros desaparecían. Mais eu tiña pouco poder para me manter atrasado, como se os que me precedían me estivesen a chamar por acenos, avanzaba medio aboiando entre as titánicas folerpas de neve que o vento arrastraba, estremecéndome, asustado, cara ao vórtice invisíbel do inimaxinábel.

Sensíbel aos meus berros, delirando con torpeza, só os deuses que foron poderían explicalo. Unha sombra enfermiza e consciente retorecía

unhas mans que non eran mans, daba voltas, cega, e deixaba atrás medias noites espectrais dunha creación podre, cadáveres de mundos mortos con chagas que foran cidades, ventos sepulcrais que varrían as estrelas pálidas e que as facían tremelucir sen apenas luz. Alén dos mundos, vagos fantasmas de cousas monstruosas; columnas medio ocultas de templos non consagrados que descansan en rochas sen nome baixo o espazo, e que alcanzan até os vertixinosos baleiros que hai por riba das esferas de luz e escuridade. E a través deste noxento cemiterio do universo, un afogado e enlouquecedor bater de tambores, e o fino e monótono laio de frautas blasfemas desde as inconcibíbeis e escuras cámaras que hai alén do tempo; o detestábel bater e os chifres alá onde danzan, dun xeito lento e zoupón, de xeito absurdo, os xigantescos e tenebrosos Deuses Outros, cegas, mudas e estúpidas gárgolas cuxa alma é Nyarlathotep.



Título orixinal:

*The Tomb, Dagon, Beyond the Wall of Sleep, Memory, Old Bugs, The Transition of Juan Romero, The Statement of Randolph Carter, The Terrible Old Man, The Tree, From Beyond, The Temple, Nyarlathotep.*

Licenza do texto orixinal:

Dominio Público

Licenza da tradución:

CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:

Tomás González Ahola

Revisión:

Raquel Vila Amado

Deseño de cuberta:

Denís Fernández Cabrera

Maquetación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2013

1ª edición en ebook: 2020

Edita:

Urco Editora

R/do Avío II, baixo

15705, Compostela, Galiza  
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais  
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.



Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA  
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. *A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*
2. *O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade*
3. *Nas montañas da loucura*
4. *A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade*
5. *A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo*
6. *Fungos de Yuggoth. Poemas impíos*
7. *Contos do Ciclo do Soño*
8. *A procura soñada de Kadath a Descoñecida*
9. *O terror sobrenatural na literatura*
10. *Alén do muro do soño e outros contos macabros*
11. *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes*
12. *As ratas nas paredes e outras historias de medo*
13. *A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais*
14. *O caso de Charles Dexter Ward*
15. *De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica*



